



TRABATEL

REVISTA FONAVIEGA DE LLITERATURA





Anónimo, *Peteiro d' homes nas obras de construción del salto d' Arbón*, Villayón, h. 1910.




Foto Díaz, *Vista da villa y montes nevaos*, Bual, 1930.

TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º 3 | MARZO 2011

© dos textos: os autores

© da edición: Conseyeiría de Cultura y Turismo

EDITA: Gobierno del Principao d'Asturias.

Conseyeiría de Cultura y Turismo

PROMOVE: Conseyeiría de Cultura y Turismo

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

CONSEYO DE REDACCIÓN: Luis Casteleiro Oliveros,
Aurora García Rivas, M.^ª Antonia Pedregal Montes
y Xosé Miguel Suárez Fernández.

Maqueta: Mercedes Piñera

Diseño: Ámbitu

Fotografías: Ceditas pol Museo del Poble d'Asturias

Depósito de Llei: As-4.144-2008

EXEMPLAR DE BALDRE

Sumario

- 7 Presentación: *Trabatel*, voluntá d'afirmación lliteraria
- 9 Mirando pra dentro. Félix Ferreiro [NARRACIÓN]
- 13 Poemas. Ana Vega [POESÍA]
- 17 Testamento. Andrés Rodríguez Monteavaro [NARRACIÓN]
- 19 Poemas. Lucía Iglesias [POESÍA]
- 23 Cantar triste da N-634. Iván Iglesias Fernández, Cazarón [NARRACIÓN]
- 27 Cinco poemas. Eugénio de Andrade [TRADUCCIÓN]
- 33 Historia que pinta cuento. Manuel de Lienes [NARRACIÓN]
- [RESEÑAS]
- 37 As razóns d'Aurora. José Manuel Martínez Castro [d'As razóns d'Anxélica, d'Aurora García Rivas]
- 39 El rostro y as máscaras. Xuan Bello [d'*Han a ser cinza...*, de María José Fraga]
- 41 Un *beat* en Ferradal. Moncho Martínez Castro [de *Volta de paso*, d'Arturo Álvarez Fernández, *Tangueiro*]
- 43 Xuntanza na praza. Ignacio Vares [de *Faraguyas*, de Manuel García Galano]
- 47 Vida derriba d'un escenario de papel. Xosé Bolado [d'*El Teatro Aldeano da Biblioteca Popular Circulante de Castripol (1929-1934)*, de Xosé Miguel Suárez Fernández]
- 51 As enrugadas del tempo. José Antonio Fernández Vior [de *Trenta razóns pra nun medrar*, de Miguel Rodríguez Monteavaro]
- 55 Parábola da vida mesma. Mónica Loza López [de *Bruxas ruías, búas bruxas*, de Francisco Pimiango]



Anónimo, *Lavadoiros y fonte de Castropol: nenos con canadas y muires llavando*, h. 1900.



6.—Desde la carretera CASTROPO. OTOMELY (Qviedo)

Foto Mely, *Dende a carretera, Castropol*, h. 1955.

T

Trabatel, voluntá
d'afirmación lliteraria

CONSUELO VEGA DÍAZ

Directora Xeneral de Política Llingüística

A revista *Trabatel* nacéu pra ser el calce d'espresión lliteraria dos escritores y escritoras en gallego-asturiano. Ese foi, dende el empezo, el noso oxetivo: poñer nas vosas maos un instrumento de creación y comunicación, aberto y plural.

El I Encontro d'escritores en gallego-asturiano, que celebramos na Veiga nel ano 2008, deixóu ben clara a medría á que chegaba a lliteratura en gallego-asturiano y a necesidá d'impulsar dende as institucións a voluntá de progreso y d'afirmación llingüística y lliteraria. Así xurdíu *Trabatel*, como úa revista —a primeira na historia— de lliteratura eonaviega.

Neste terceiro número, como nos anteriores, quixemos ofrecer un sumario atractivo, de calidá y vario: hai prosa y verso; hai creación y traducción. Encontramos obra d'escritores novos y d'outros que son xa os grandes nomes da lliteratura en gallego-asturiano; recuperamos autores clásicos al tempo que damos noticia das publicacións que saliron de pouco. Ocupámonos, al cabo, da lliteratura infantil y da investigación... y podemos destacar que todo eso faise sin repetir autores na trayectoria da revista, úa mostra máis de qu'asistimos a un bon momento lliterario, con un colectivo de creadores y investigadores comprometido col sou tempo y cua súa terra.

Ilustra este número de *Trabatel* úa colección de fotografías históricas dos conceyos del occidente asturiano cedidas pola Fototeca del Museo del Pobo d' Asturias, al que quero agradecer aquí a súa axuda.

Y, por suposto, quero agradecer el bon trabayo y a dedicación del coordinador da revista y del Consejo de redacción, ademáis das colaboracións dos que participades neste número. A todos vosoutros, gracias por poñer nas nosas maos —nas maos da sociedade asturiana— este número da revista *Trabatel*.



Anónimo, *Familia de llabradores*, Eilao, 1926.

Mirando pra dentro



FÉLIX FERREIRO (VILALBA-LUGO, 1941) ANDUVO FENDO ESCOLA POR ASTURIAS ANTIAS DE TRABAYAR NEL ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. ACADÉMICO CORRESPONDENTE DEL ACADEMIA DA LINGUA ASTURIANA, PUBLICÓU LLIBROS EN ASTURIANO, PERÓ TÍA DENDE HAI TEMPO EL ARELLA DE FER LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO. PRECISAMENTE NÚA REVISTA QU'ÉL AXUDÓU A AMAÑAR, *Trébole*, PUBLICÓU EN 1989 ÚA RESEÑA NESTA LINGUA — CONDO CUASEMENTE NAIDE LA ESCRIBÍA — SOBRE OS DOUS PRIMEIROS LLIBROS QUE SE PUBLICARAN DAQUELLA EN GALLEGO-ASTURIANO: *Parzamiques* y *Mochicas del meu llar*. COMO RESPONSABLE DEL SERVICIO DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PUXÓU POR QUE S'ELABORARA A *Proposta de normas ortograficas y morfolóxicas del gallego-asturiano* (1993) Y PUXO AS BASES PRÁ ESCOLARIZACIÓN DEL ASIGNATURA NOS CENTROS PÚBLICOS DEL OCCIDENTE. AS SÚAS VIVENCIAS DENDE OS SEIS A OS QUINCE ANOS NEL LLUGAR TARAMUNDÉS DE BRES DEIXÁRONYE EL ALMA CALTRIDA COL FERRO DEL ACORDANZA. Y AGORA, XA CON VAGAR, VOLVE A ESCRIBIR NESA LINGUA.

FÉLIX FERREIRO

Úa primeira nota

Muitas veces acórdome d'úa narración que meu pai, un namorao de Castelao, nos contaba nas noites de conceyo d'inverno, na casa del Pataqueiro, vecín da escola unde vivín a mía vida de neno, lonxe de mía mai:

«Como ye gustaban as novelas de vaqueiros, aficiónouse a escribir contos del Oeste Americano na lingua de Rosalía, historias unde os indios eran bus y os homes brancos eran os ruíos, y, nun pasaxe unde taba morto el héroe apache, na Gran Guerra escontra el Rostro Pálido, el bruxo, tando cantando as cancióis del tránsito al outra vida, nel mazaricón del enterro, berraba á lúa con úa oyuada qu'esplicaba ben ás claras a esperanza na eternidá:

—Vaite col Gran Manitú a os eternos coutos da Pradeira unde nun seca el herba».

Carta a mía mai dende Bres

Hola, mai: Hai muito tempo que tía qu'escibirche depóis de que pasaras a os *eternos coutos* y depóis de tar un siglo con nós. Pro lo certo é qu'el tempo vai pasando y os recordos van esqueicendo pouco a pouco, según van salindo as canas, según van caendo... Y os espacios y os tempos van escondéndose nos recantos da memoria, unde, col tempo, van ferruyecendo y deixando esbarar el sentir máis sinxelo, xunto cua señardá das neuronas máis veyas, hasta afogarse nos lodos dos recordos. Esto é así, quitando as historias de pequenín, aquélas qu'eu teño máis firmes contigo, aquélas qu'engordan as fantasías de neno y que chegan a fabular deixando os oyes entezarraos con un dulce amargor, mirando y nun vendo un horizonte inexistente, historias da curtia vida qu'eu vivín contigo.

É el caso dos primeiros recordos. Muitas veces chego a dudar se foron reales ou fun escoyendo experiencias propias ou ayeas que compuxeron un puzzle multicolor de todas as figuras xeométricas posibles y que, neste momento, a lingua nun ten apareyos al xeito pra representalas.

¿Cóntasme el conto das tres bruxas?

Tu cribabas el trigo ou el centén, nun sei, nel pasillo grande da casa y sacabas a puxa pra poñela nun montonín y eu tirábame nela y metíaseme entre a barriga y el calzonciyo enteirizo cua regaña del cul aberta y picábame; rascábasme y sacabas as raspas, deixábasme y volvías cribar mirando cos oys sin ver, mirando pra dentro de ti, sentábasme nel teu colo...

¿Cóntasmo?

—Sí, Felucho, chamábase Moncho, un xorobado que vía pola caleyoa d'Airoá...

Y tu seguías contando, contando, cos oys zarraos y eu zarraba tamén os meus y víalo todo. Condo acababas, eu pegaba un brinco y dicíache:

—¡Qué guapo, mai! ¿Cóntasmo outra vez?

—Depóis...

Tu volvías á criba y a mirar pra dentro de ti.

El nieiro

Acababan d'alquitrantar a carretera y, na cuneta, había grava que sobrara da que machacaban con úa maza pequena de rabo largo us homes que poñían úas gafas cuas que tapaban os oys y el focín, y eu iba buscar pedrías, conto máis redondías miyor, pra fer d'ovos nos nieiros de muña y sentábame enriba d'eles y cantaba como as galías depóis de poer. «Vai buscar el ovo, Felucho, pra que nun lo coman as pitas». El ovo podía tar baxo el payeiro, baxo a meda del trigo, nel arrimao da ferramenta, nel cabanón, entre as árgomas... Éste taba baxo el payeiro.

Como eu coyía as pedrías máis redondías iba muitas veces á cuneta y, núa d'éstas, a Lira veu ladrando y tiróume y revolcóume y eu berréi y tu viche y garrácheme y chorando dormín nel teu colo y Hortensia nun ye pegóu á Lira.

Depóis despertaba y tu xa nun cribabas. Agora calcetabas con cuatro agujas us escarpíos pra min y probábasmos pra ver se me valían. Eu salía a correr

descalzo á porta de fora y subíame nel cuarterón mirando por se a Lira ou el Zar.

Tu atendías el lume da lareira cua pota de porcelana colorada que taba cocendo el caldo y eu garraba úa pechadura veyá da corte con un pano por delante como a radio nova del Camineiro, y cantaba

*Te digo adiós
te digo adiós
por la ventana
piensa mañana
contigo iré...*

Nun sabía máis, pro era a canción que cantabas algúas veces, poucas, porque tu, amáis de mirar pra dentro, tamén tías que cantar pra dentro porque así a xente nun sabería se tabas contenta ou triste, y depóis, condo iba féndose noite nel pasillo grande, eu garraaba a maniya d'abrir a porta del corredor y guiaba á casa pra navegar pol Vilar d'Ousán: condo xiraba prá esquerda íbamos prá casa de Perucho; condo xiraba prá dereta navegábasmos pral Mundín ou A Carga, que taban mui lonxe.

Imos pra Bres

Úa maleta de madera que fixera meu pai y cuatro ou cinco caxas de cartón, que nos dera el meu padrín da taberna, iban cheas de cousas, atadas con cordeles y cargábanlas os meus irmaos mayores, que nos iban empoñer.

Todos íbamos tristes y chorábasmos al ir coyer el pulman al poble d'al lao porque nun paraba xunto á casa de noso. Tu apertábasme escontra el mandil y chorábasmos muito y salíamos andando mui cedo. Eu miraba de reoyo pr'atrás y tu quedabas na porta de fóra limpando os oys col mantelo. Condo volvíamos nel autobús por delante da casa, eu miraba por se te vía y nun tabas, supoño que tarías segando na aira; a lo meyor seguías limpando os oys col mandil, sentada nel banco da lareira ou ye dabas a teta a Maribel, qu'era pequenía, depóis de sacala del berce, inda dormida.

Bres taba mui lonxe, mui lonxe, tan lonxe que levaba case dous días chegar, y tíamos que cambiar dous pulmans y un camión tapao con úa lona y con bancos como os das feiras. Alí íbamos sentados y caíamos condo había curvas.

—Xa verás, depóis de chegar á Sela d'Entorcisamos ver el lugar unde vamos vivir agora —dicíame meu pai, el maestro d'aquela escola.

Y aló embaxo, úa casoa grande, empericotada por derriba d'úas casías pequenías. El camión seguía dando curvas por úa carretera de pedra chea de baches. Muita xente esperaba á chegada y naide miraba pra min.

Era de noite. El vento col augua bramaba naquela casoa y eu buscábate polos cuartos escuros y nun tabas.

Al outro día erguínme y tampouco tabas, y al outro, y al outro... Y dando voltas al redor del colexo, bén sei porque choraba escondido, y os días eran largos, mui largos, y nun había Vilar d'Ousán y nun tía barco pra navegar. Aquel castelo nun se movía nin tía maniya de guiar.

Hoy toca estudiar los montes de España

Meu pai poñía un mapa grande de cartón amarelao y comido polas esquinas y, con úa vara d'aveyaneiro, dicíanos os cordales y os ríos y facíanos repetilo tamén apuntando cua vara. Mía irmá pequenía, Maribel, núa esquina del pupitre, moyaba con lágrimas el Rayas aprendendo a ler. Depóis de salir da escola choraba y preguntaba por ti. Garrándola pola mao eu dicíay qu'íbamos escribirche úa carta. Garramos úa foya d'úa libreta y escribín:

«Querida madre: Estamos Maribel y yo escribiéndote porque nos acordamos mucho de ti y algunas veces lloramos porque no te tenemos con nosotros y...».

Xa ves cómo a escrita tía que ser noutra lingua, noutro idioma. Había algo tremendo al falar d'este xe-

to contigo. A min parecíame que nun nos ibas entender. Porque *inda* era «todavía», *a brosa* era el «hacha» y *el carbayo* de xunto del colexo era un «roble». Claro qu'El Quijote falaba d'outro xeito y as oracións del catecismo que mía irmá grande, a monxa, me facía estudiar pola mañá ben cedo, antes da escola, tampouco dicían muito, se nun s'aprendían de memoria, como dogmas de fe, ou como condo cantábamos «imposible el alemán» das cancións al acabar as clases. Nun importaba muito que nun lo entendéramos, sabéndolo...

Muito estrapelamos aquela carta: tachábamos aquí, escribíamos alí, coyíay a mao a Maribel pra fer ben as letras... Acórdome muito d'úa frase d'un libro, que copiéi prá despedida: «Te queremos, madre. Félix y Maribel».

Encontréi un sobre pequenín, azul. Metín a foya escrita dentro y zarréi. Púxenye a túa dirección y compréi un sello de Franco de vintecinco céntimos, dúas perrosas y un perrín. Fomos Maribel y eu metelo nel buzón de Vital. Nun soubemos máis d'aquela carta. Tu nun nos falache nunca d'ela: a lo miyor nun puxen ben el teu nome, a lo miyor nun che prestóu polas faltas que tía, a lo miyor metíchela nel bolso del mandil y perdíchela nel Prado Grande ou nel Mundín condo ibas por un feixe d'herba cua gadaña al lombo.


Mai: voume casar

—¿Con quén?, ¿cómo é?, ¿qué fai?

Muito me preguntache, pro eu contábacho todo, porque tu escuitabas y escuitabas y nun dicías nada, al tempo qu'aguantabas as perrerías qu'eu che fía. Pro, como sempre, acababas dándome un chucho y ríndote pra dentro, sempre pra dentro: chorabas pra dentro, rías pra dentro, cantabas pra dentro... y limpabas os oyo col mantelo.

Meu tesouro.

Anónimo,
Caye de
Castropol (nun
pon fecha).



N.º 4. E. Murias Jonte, Fot. Campo
CASTROPOL
LA RÍA DEL E



Enrique Murias Jonte,
Barco y lanchas de pesca,
Castropol, h. 1905.

Anónimo, Caye Regueral á
ponte, Navia, h. 1913.

NAVIA—Calle Regueral al puente





ANA VEGA

Con muito orgullo digo
ben alto:
eu veño d'úa familia de músicos ambulantes.
É a miyor descripción qu'eu podera dar
de quén soi, quén hei a ser y a que fun
algún día.

ANA VEGA (UVIÉU, 1977) É ÚA ESCRITORA INCANSABLE Y AGAYOSA QUE, A PESAR DA SÚA EDÁ, TEN APARECIDO NUN FEIXE D'ANTOLOXÍAS LLITERARIAS Y COLABORAO NÚA CHÍA DE PUBLICACIÓIS. Á SÚA PRIMEIRA OBRA INDIVIDUAL, *El cuaderno griego* (UNIVERSOS, 2008), TEN QU'AMECER AGORA EL LLIBRO DE POEMAS *Breve testimonio de una mirada* (AMARGORD, 2010) Y OS VOLÚMENES DE RELATOS *Realidad paralela* (GROENLANDIA, 2010) Y *Llanquihue* (HUERGA & FIERRO), TODOS EN CASTELLANO. FIYA DE FRANQUÍA Y DE TAPIEGO, QUER REENCONTRARSE CON ÚA PARTE FUNDAMENTAL D'ELLA Y DA SÚA MEMORIA, COS SITOS UNDE FOI FELIZ, UNDE VIVÍU DE NENA. QUER INDAGAR NA VINCULACIÓN CUA TERRA, CUA XENTE QUE CONOCÉU, Y TAMIÉN QUER TRABAYAR CON UN REXISTRO POÉTICO QUE NUN CONOCÍA HASTA AGORA Y QUE NAMÁIS XURDE CONDO ESCRIBE EN GALLEGO-ASTURIANO.

A Xosé Miguel

Meu tatarabolo pedíu úa sola cousa antias de morrer:
úas cuyarías pra petar na mesa
y fer música.
Qué miyor xeito de tornar a escuridá.


El único recordo que me queda de meu bolo
y al que m'agarro sempre, sempre,
é que pouco antias de morrer
empeñouse en comprar úa acordeón encarnada
y tocalla con tanta dedicación
qu'a morte case nun puido llevallo
pol xeito en que taba agarrao a ella.

Eu sempre recordo pra salvarme del mundo
aquele momento nel qu'espertaba na casa de meus bolos,
as andolías parecían invadir el mundo entero,
y nada más abrir os oños eu vía polla ventá os árboles
qu'el vento aballaba pouco a pouco.
Eu hei a recordar sempre a fortaleza con qu'as reices
da naranxeira da mía casa s'agarraban á terra,
úa llección que num hei a esqueicer nunca.



Anónimo, *Nel prao*, Villanova (Bual), h. 1910.

Anónimo, *Peteiro de vecíos xunto a un Ford T*, Cuaña, h.1920.



Anónimo, *Mercao al aire libre na Caridá*, El Franco, h. 1930.

T Testamento

ANDRÉS RODRÍGUEZ MONTEAVARO (BUAL, 1991) VÉN A DAR EL RELEVO A SOU IRMAO MIGUEL NA PRECOCIDÁ LLITERARIA. CON DECISÉIS ANOS XA EMPEZÓU COLABORANDO NA REVISTA *Entrambasaguas*, ANQUE AS SÚAS INQUIETUDES ARTÍSTICAS TAMÉN TÁN NA MÚSICA, EN PROYECTOS COMO MEZÁ OU MOXEGA, GRUPO ESTE ÚLTIMO QUE PON MÚSICA A VERSIÓIS EN GALLEGO-ASTURIANO DE POETAS COMO MIGUEL HERNÁNDEZ, LORCA OU GOYTISOLO. NA ACTUALIDÁ TA FENDO EL SEGUNDO CURSO D'HISTORIA NA UNIVERSIDAD D'UVIÉU.

ANDRÉS RODRÍGUEZ MONTEAVARO

É probable que mañá, condo ameiza y veñas despertarme, nun che responda. Se eso pasa, nun t'asustes. El meu corpo vei tar frío como a neve, aquela que por xeneiro nos ffa sorrir; tápalo, arróupame ben, nun me prestaría sufrir nel último viaxe da mía historia. Nun berres ni vayas correndo a chamar a naide, vei ser inútil. Sei que vas chorar, que vas puerte nerviosa y que vas petar contra el tarrén; se de verdá me ques con tollura, relaxa, déixame marchar polla porta, al meu ritmo, nin rápido nin despacio; déixame ir pol camín del sono testo, das uces en flor y das viñas en poda.

Condo acabe totalmente el trayecto, chegaréi al fin dos tempos, polo menos, dos meus. Nun creo na resurrección, y muito menos na reencarnación. A lluz apágase, el día nun volve. Se nun vou a ningún llao, se nun m'espera ningún sito material, nin tampouco metafísico, ¿pra qué quero eu todas as mías pertencencias? ¿Pra cargar con ellas dentro de lo irreal, de lo balleiro y lo inesistente? Pos ben, meu amor del alma, como es tu quen me vei atopar tan vivo como el marfil, teis el dereto y el deber de ller el testamento d'un suicida na morte, del home que sempre intentóu, dende a escuridá, volver á lluz da vida.

A ti, mía solombra, déixoche os días de brao, as caricias y os chuchos. Pra ti quedan as noites despetos al pé del porto, mirando os barcos de mariñeiros salir a pescar. Son túas as mañás, nas que, espidos na cama, xugábamos cuas nosas maos a recorrer nos el corpo, como fain os nenos qu'atopan daqué desconocido y queren aprender; aquelas mañás nas qu'el sol insinuaba derriba da cama a túa barriga tímida, llevándome al tarrén dos sentidos, obrigando á mía llingua a dibuxar derriba d'ella lletras de sudor y calor. Tamén che quero deixar as ganas de vivir. Nas arribadas, condo el mar ta en calma, os corpos sosesgaos sinten el augua nel peleyo; esa augua que trai el nordés; esa augua que nos carcome os malos soños. Din todo pola felicidad, por qu'a mía risa nun cayese nel furao das cousas esquecidas y por qu'os meus oyes sempre arquiasen hacia enriba. Agora es tu quen ten

que rir, quen ten que prender llume ás fotos dos enteiros y engalanar, derriba del televisor, as das romeirías y viaxes.

Al escuridá déixoye el odio: ella foi a que causou todos os meus medos. Recordo condo un día, inda de neno, pasiaba polla casa de meus bolos pra matar el tempo dos días d'auga. A casa era grande y veyá. Al meu corpín, inda pequeno, aquello parecíayé un castello dos que salen nos contos. Al chegar á porta del fondo entróume a curiosidá: ¿qué podería haber allí detrás? Sin pensallo entréi. A porta, ás mías costas, pechóuse d'un golpe tan forte como rápido. Busquéi un interruptor, nun había. ¿Cómo salir da boca del lobo? Botéi a correr en dirección contraria á salida, tropecéi, cayín y sucumbín al sono involuntario. Mentres esperaba a chegada de daquén, vin as caras das pantasma. Sentínme un rato de llaboratorio, branco y pequenín, sin ningún dereto á llibertá. Vin cómo m'abrían os guantes de latex y cómo cosían con filo de breimante, tras os meus pulmóis, os sete pecaos capitales: nunca más los puiden arrancar.

A os meus oyoos déixoyes todas as llágrimas que verquín pol tarrén. Recoynlas úa por úa, guardéilas nua caxía de boxe y alimentéilas d'outras más novas,

pra que medrasen y se criasen na democracia da opresión. Ás veces intentaban salir del sou hábitat, llanxindo, con odio hacia quen las tía allí pechadas sin preguntaryes qué era lo qu'en realidá querían. Eu decidía sobre ellas. Agora, cambían d'amo: outro collar, mesmo can.

Á realidá regáloye todo lo irreal, lo metafísico. Por eso, nel arcón de lo táctil vei aquel idealismo que tanto me fexo correr delante dos que solo seguían a política del medo y el noxo. Pouso nél tamén as esperanzas de cambiar el mundo de base, de construir úa nova sociedá a partir das maos dos probes. Nun me prestaría qu'esto s'esqueicese, qu'el baúl se pechase de chave pra sempre. Esa chave é pral noso fiyo, eso é lo qu'a él ye queda. Enseñayé a volar como tu y eu sabíamos, a cambiar as palmas por puños, a falar cua razón da súa parte; que sepa en todo momento que sou padre cre nél. Recórdaye que todos nacemos mortos y que temos que lluitar por intentar nacer, por vivir.

É difícil morrer. Sempre han a quedar trabayos sin fer, rompecabezas qu'acabar antias de deixallo todo y nun ser más que polvo. Pero polo menos agora, con todo repartido, hei a poder descansar un pouco, aunque sía con *soños ruíos*.

Hedra

LUCÍA IGLESIAS (TEIXEIRA, SAMARTÍN D'OZCOS, 1979) COLABORA NESTE NÚMERO DE *Trabatel* COMO POETA, PERÓ BEN PODÍA FELLO TAMÉN COMO NARRADORA, FACETA NA QUE SE DEU A CONOCER CONDO GANÓU, SENDO BEN NENA, A III EDICIÓN DEL CONCURSO DE RELATOS DE CULTURALCAMPO COL TESTO «HISTORIA D'ÚA RAPOSA». DENDE A PUBLICACIÓN D'AQUEL RELATO NEL ANO 1990 FORON APARECENDO CUA SÚA FIRMA UN BON MAÑUZO DE CONTOS Y GANÓU EN DÚAS OCASIÓIS EL CONCURSO DE RELATOS ANTONIO RAYMUNDO IBÁÑEZ. AGORA É A PRIMEIRA VEZ QUE PUBLICA AS SÚAS POESÍAS EN GALLEGO-ASTURIANO, US VERSOS BEN GUAPOS NOS QU'EL LLECTOR HA A NOTAR DALGÚS CASTELLANISMOS QUE RESPONDEN ESCLUSIVAMENTE Á VOLUNTÁ DA AUTORA.

LUCÍA IGLESIAS

Nun deixa de darme dolo
del choro
das flores, emporondadas
na hedra
que s'alza esquiva
e medra al día.
Se la escuitas de cerca
roxex, estala,
valíndose del regueiro verde
qu'atopóu,
afondando máis pa baxo que naide.
Fura trempando a terra
sin descansar,
a hedra,
pero pon intención
de buscar el cielo estrelado,
pa riba;
sube,
corona,
empuxa,
reveira polas ramas de lo qu'encontra,
e sale al paso das veiras entornadas,
que ten que sortiar
pa nun enratarse,
envolta malcuriosa pero firme,
lambendo as paredes
e voltiando as louxas,
é igual noite que mañá,
é igual moyado qu'estén,
é igual un palmo qu'úa cuarta,
a hedra se la rompen
bautízase de novo,
sin madría que la sosteña,
sin padrín que mire al redor,
e chámase da maneira que seña,
sempre rodiando,
sin soltar el ansia que la leva
en alto.
A hedra.
Sobrevivir.

Medo

Aveirada das pisadas
que me facían trembar,
mollaba a boca
nel auga da fonte seca,
difícil entrenamento
pa tanta bruxería
aquela tarde.
Miyor volvo pa riba
e miro outiando lonxe,
nun me volvan os demos
a fastidiar a partida.



Anónimo, *Tres nenas diante del Conceyo*, A Caridá (El Franco), h. 1930.

Sacretos

Con a galocha fendida,
a esquerda, ben a dereta;
con a noite xa mui pecha
sin tar a lúa encendida.

Con un brazo dolorido,
trembando as maos cousa loca,
sin poder abrir a boca
con el candil xa prendido.

Contra a cintura a tarteira
inda quente agarrando,
sin saber demonio cuándo
cruzaría a carballeira.

Con todo eso vai volando
sin oír nin lo que pensa,
¡vaite a modo! ¡vai depresa!
con as uces tropezando.

Alí espera a cadurneira,
anfitrión sin quere-lo
d'aquelos previos del duelo
dos amantes da budueira.

Contradiccióis

Enrédate se podes
máis fuerte cada día,
nun soltes anque ceda un pouco.

Agárrate enxebrado
á lúa que nos pecha el paso,
gánalle col soprido,
xiprándolle,
que marche amedrentada da lumieira
que nos vale de guía.

Encima de nosoutros veráse un rubegar
d'outono,
mirando d'esgueira, filadas as maos,
xuntando alentos pa subir alto,
escaleiras nel aire que bailan
mentras nos encaramamos
con pé firme.

Así, trembando e pousada,
rexaldeira e sin alivio,
contradicción seguida,
refórmase aquela luita
que día a día emprendemos,
dando puntadas de fino fío de lá tesa,
qu'aseguran el botón
aunque el ojal seña diáfano.



Cantar triste da N-634

IVÁN IGLESIAS FERNÁNDEZ (VALDEPARES, 1980),
CHAMAO *Cazarón* POL ALCUÑO DA SÚA CASA,
ESCRIBE DENDE NOVO EN GALLEGO-ASTURIANO.
TENSE VISTO DAQUÉ DEL QU'ESCRIBÍ EN LLIBROS
DE FESTAS, ARTÍCULOS NA REVISTA
Entrambasaguas, DISCOS, LLETRAS DE CÁNTIGAS,
DALGÚA POESÍA Y EN NARRACIÓIS COMO «EL
MAÑO», CUA QUE GANÓU NEL ANO 2008 EL
PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS.
PODEMOS CONOCER AQUÍ DALGO DEL SOU XEITO
COMO NARRADOR.

IVÁN IGLESIAS FERNÁNDEZ, *Cazarón*

Igual que todos os acabos da semana, desque llevaba enxugando sete días el viaxe del sábado que pasara, chegaba a noite pá que llevaba d'arrastro el resto del tempo. Poñíame acelerao y medio relloucao; brincaba como un corzo, vociaba y esbouriaba sin xeito, duchábame cantando como si soupese fello y nun paraba de zapicar en mía ermás hasta que yes acababa coa muita pacencia que tían comigo. Algúa vez, hasta me daban us vómitos que m'estrapellaban el peto a montón y parecíame que se m'iban botar fora as coradas pollas gorxas. Taba, el que se dice, allouriao del todo. Nun había chapeta ningúa.

Desque taba acicalao abondo, daye-daye al peñe y veña pasar a cuitella na barba hasta deixar d'ella úas tirías como el carreiro d'un llimaco, pañaba el peto ben chen de cuartos, el tabacón y el chisqueiro y salía correndo pa fora, mentres xa, namás pasar a porta, iba dándoye llume a un cigarro que disolvía con esfouto nel fondo das coradas. Gastaba a salú toda anque tuvese abonda, pero nun podía dicir que taba arguyoso del que fía: sentía como si, pouco a pouco, se me fosen fundindo os pés entre as foyas molles del outono. Además a cabeza nun paraba; *trabayaba el caballo*, como dicía mía bola y eso notábalo abondo nel corpo y tamén nel trato coa xente que tía al redor. Taba raro y esmorecido; tía el peleyo esbrancuxao, durmía mal y tía el más del tempo us focicos que se m'ataban con un reyo. Andaba medio d'arrastro y nun quería toparme con naide nin que me chegase quenquera dar a lata; sobre todo al domingo. Notaba como si un toupo tuvese escarrabaldiándome nel peto y hasta chegaran a salirme varices nas pernas y todo. Però, rediola, úa semana tres d'outra, en conto chegaba el sábado, a miolleira trocábase y eu pintaba outro.

Al hora de salir, xuntábamonos cuatro rapaces qu'éramos vecíos y amañábamos d'ir sempre nel mesmo coche, porque Pedrín, anque taba algo tollo y era un pouco payolo —todo había que dicillo—, era el único que tía carné, xa que sacáralo pa ir apionar nas obras al calente. Nun quixera estudiar, non como

nosoutros tres —que tábamos nel Universidá—, y tuvera qu'ir al autoescuela si quixo, ou seguir pañando as rosadas todas, as envainadas d'auga y el frío das xeladas nel tempo de condo iba na bicicleta.

Al chegar, baxábamonos del coche y enveredá-bamos con un apuro igual que si nos foran regalar daqué. Taba claro que, quenquera que nos vise andar y falar d'aquel xeito, iba pensar con razón qu'éramos un pouco fatíos ou que nos faltaba úa pataca pal quilo. Sí qu'é verdá que nun fíamos como muitos que taban todos os sábados como palandraques, medio desfeitos porque nun fían más que meter merda pal corpo. A mocedá avezaba a entrar nos váteres de dous en dous y de tres en tres muitas veces y nun sería, digo eu, pa mirar a ver quén la tía más grande. Salían al bocadín como rellustros mouros, arrechaos y zapiqueiros, y muitas veces miraban de tal xeito á xente, cos oídos como pratos, que parecían talmente qu'iban comer a daqué. Pintaba que disfrutaban desafiando a cualquera Dios que topasen nel camín. Eran un ameaza que porfiaba y quedábanse nun *vaya por Dios* de quen los vía. Meus probes. Despós atacaban as muiyeres d'un xeito qu'a min parecíame de cotrosos, pero quedaba sorprendido, arrabiao y panxolo muitas veces del éxito qu'aquello drogadizo, chamaos muitos d'ellos á desgracia, tían coas mozas. Taban muito miyor afeitos qu'eu al monte, nun había duda.

Nosoutros namás chiscá-bamos. Y abondo, por certo. Arrimá-bamos á barra y íbamos espurríndonos pouquín y a pouco entre el peteiro de xente hasta qu'atopá-bamos bon pesebre. Pouco nos íbamos mover d'allí despós más que pa mexar. Algún día dá-banos por beilar daqué, animaos por ver si nos arrimá-bamos un pouco a algúa das mozas que tanguían allí as mayas; el éxito érase ben pequeno. Però pasaba tamén que lo meu era daqué distinto. Había úa moza que me gustaba. Y non pouco ademés. Y hasta supoño que muito, tendo en conta qu'eu era algo esquitón y mui escoyido coas muiyeres. Asina me llucía el pelo, claro. Chamábase María. Era de melena llarga y mou-

ra, guapa y espiguda. Tía faicióis mui feitas, pero todo xunto pintábame un maná. Os oídos eran escuros y un nada y menos estiraos pa os llaos. A barbía, a queixada y a noz marcadas, igual qu'aquello beizo tan ben pintaos; tía un corpo mui ben entallao cos ombros arredondiaos y un miga botaos pa detrás. A espalda íbaseye estretando hasta a cintura y allí rompía de novo seguindo pa baxo, condo ye marcaba úas cachas torniadas y arredondiadas y úas pernas llargas y chías que me fían esbabayar por ellas. Case tan alta como eu, qu'era muito, tía úas formas tirando a grandes y macizas, que se ye adiviaban condo llevaba roupa solta y marcábanseye hasta ferme mudar a vista pa outro llaos as poucas veces que ye daba por poñer roupa apretada y case sempre escura. María era como d'acebache, úa llaparada d'escuridá rellumosa. María taba como un tren. Y a min, claro, gustábame a montón y eu, tangoño coa sorte, pensaba que nun tía muito que fer con ella más que miralla con vergonza abonda pa escuruxarme antes de que me pañase muitas veces féndolo. Eu era asina.

Peró con ella foi úa cousa estraña. Eu nun taba avezao a aquello. María, nun soupen muito ben por qué, empezó a fixarse en min y despós a botarme úas oyudas que me deixaban apampanao. Desde me din conta, deume un tarazón na boca del estómago que me fexo esgarriar daqué nas coradas. Despós de probar abondo a ver si era verdá el que me pintaba, vía qu'ella tentaba de toparme y cada vez qu'eu, como un fato, apartaba a vista, volvía cruzarme pouco despós cos sous oídos case sempre buscándome con aquella mirada como un nordés de xeneiro que me trespasaba del todo y me fía bisgar a mirada y tatabexar al corazón.

Tuvemos asina muito tempo. Eu nun era un rapaz rellambido nin arrechao, sinón más ben tiriñón, acoquinado y gacho, aunque non por eso era menos cobicioso coas muiyeres. A mía forma de ser féxome perder muito tempo, eso sin ter en conta os cuatro meses que tuven que tar fora polla mor d'un cuatrimestre d'intercambio nel Universidá, nos que tuven que salir.

Xuro que, condo taba de volta, pintóume como si ella tuvese esperándome. Parecíame que, como sempre, miraba pa min y perguntábame únde tuvera aquel tempo nel que faltara. Hasta algún día me tremaban as pernas víndola asina. Eu vía tamén tollín por vella y eso levábame a fer payoladas das que se fain condo ún ta asina atouciaio, pa tentar de pintar interesante. Bebía con más xeito, nun daba voces que s'ouguisen en todo el bar —como fíamos case sempre— y miraba de poñer posturas más peliculeiras qu'a min lo menos —y a os meus amigos igual, hasta a Pedrín, el payolo d'él— pintábanme qu'habían dar miyor resultao coas muyeres. Con esa muyer. Llougo, hasta beilaba más tentando de fello lo miyor posible y poñíame que nun gurgutaba nin pasaba bocaio condo algúa vez María víase beilar d'espaldas a min —supoño qu'adrede— y acabábase xuntándonos y refregándonos un bocadín, como si nun quixéramos a cousa. Con sucesos asina calecíame el corpo y sentía esas arañías na boca da pandorga que namás aparecen nesas xei-ras. Esto ta feito, pensaba eu.

Cada semana nun mudaba eu de fer, pero agora el meu parecer era outro. Todo aquel esfouto tirao comoquera que gastaba naquel silencio fraque, podía llevar a cualquera home a poñerse malo. Nun taba tan esmortaxao como antes, aunque por dentro consumíame eu en enxorias sin xeito que nunca chegaban a miga. A cualquera zarapayadía ye daba voltas mil tendo sempre de fondo, fose llonxe ou cerca, aquel aire molle, caliente y señoardoso que se chamaba María.

Podía nun pasar, pero foi. Eu daquela xa miraba d'achegarme en conto que podía á villa unde vivía, pa ver si, como Oliveira y a Maga, la topaba polla mor da casualidá que nun lo era tanto. P'acurtiar a cousa diréivos que, aunque fose rezcoyo abondo p'achegarme a ella, víume un día de noite como tantos outros y botóume úa sonrisía unde eu xa vin espeyada toda a fruxe qu'íbamos ter hasta os nosos bisnetos. Acheguéime a ella y tomamos daqué; falábame a rafagadas lamar de cerca del oreya y notaba como si me chovesen

envainadas de fornigas que m'entrasen todas pollos ouguidos. Aunque nun me pasase tanto con algúa outra moza coa qu'eslleirara había xa tempo, taba eu curtidín en cousillías d'estas, aunque —hai que recono-cello— María case me fía esmorecer del todo. Descubrímonos condo tíamos os didos metidos os d'ún entre os del outro y eu, xa col cuitello entre os dentes, quei-maba al llume y notaba cómo os ventres arrimábanse d'un xeito del que se sabía que nun había volta. Y sí, claro; al momento vin a Dios por un furao, inda con-do reconozo que, hasta el momento, chuchar as mozas nun me chamaba muitísimo el atención. Ben seguro que coas outras nun quería muito d'emparzao y por eso nun che m'ilusionara lamar con ningúa.

Nun houbo aquel día muito más. Quedaríame allí sempre, pero os outros tres zaragateiros cos que vía todos os sábados, xa me chamaran nun sei cóntas veces. Funme dicíndoye que la había chamar en conto chegase, xa sabendo qu'en conto podese iba mandarye un mensaxe al móvil coa primeira fatada que se m'ocurrise pa tentar de sorprendella y parecerye interesante, aunque xa esa noite María tuvera tempo de confesarse y dicirme qu'había muito que me pretendía. Fómonos.

A min entróume un sono raro namás que Pedrín arrancóu. Ben sei que tía que ver a tensión que podera case apalpuñar toda noite y ceibara de sutaque, asina qu'iba eu medio apanxolao mentres íbamos pa casa. Os outros, que cargaran traseiro, iban dicíndoye a Pedrín, como sempre, que taba algo tollo y era un pouco payolo.

María salira del bar pouco despós qu'eu y, un cachín despós, xa taba mandándome un mensaxe antes de qu'eu ye escribira a mía primeira fatada. Más tarde tívome chamando, pero salíayé úa moza nun contestador da compañía telefónica, asina qu'ella pensóu qu'eu xa taba na cama col móvil apagao. Esa noite case nun pegóu oyo, escalabaciando na cabeza pensando en min, mentres se sonría acordándose del bocadín que fora el corume despós de tantos meses de

barruntos y algúa qu'outra solombra. Al domingo chamóume un feixe de veces y nun daba comigo. Nun había naide al outro llao. Félixolo tamén el resto da semana y, como naide contestaba nin la chamaba, empezou a barruntar si eu sería outro payaso, igual qu'aquello palandraques, medio desfeitos, qu'ataban ás muyeres d'un xeito qu'a min parecíame de cotrosos.

Eu nun puiden mardarye el mensaxe que quería da qu'ibamos pa casa. Salímonos naquella curva y a os dous días xa nos taban fendo el enterro a os cuatro xuntos nel igresia del poblo.

Agora, meses despós, María ta guapa como nunca y allí sigue esqueicéndose de min. Mentres, hai daquén por ei a quen ye enche el oyo y ella, que se dá conta y ye pinta interesante, empeza, asina d'esgueira, como quen nun quer a cousa, a mirar a os sábados de noite algúa qu'outra vez pa él...

Agora as palabras

EUGÉNIO DE ANDRADE

Obedécenme agora muito menos
as palabras. Por nada
rezongan, nun fain
caso del que yes digo,
nun respetan a mía edá.
Probablemente fartáronse das rendas,
nun me perdonan
a mao rigorosa, a indiferencia
pol fougo d'artificio.
A min gústanme elas, nunca tuven outra
pasión, y a elas durante muitos anos
tamén yes gustéi: beilábanme
alredor condo las encontraba.
Con elas fía el lume,
mantía os meus días, mais agora
tán ariscas, escápanme por entre
os didos, arregáñanme os dentes
si tento de retelas. ¿Ou será que
xa nomáis busco as máis encabritadas?

EL POETA EUGENIO DE ANDRADE (1923-2005) É
ÚA DAS FIGURAS MÁIS DESTACADAS DEL SIGLO XX
PORTUGUÉS. NACERA NEL SEN D'ÚA FAMILIA
LLABRADORA, D'UNDE YE VÉN QUIZÁIS ESA
PASIÓN POLAS COUSAS DA TERRA QUE SEMPRE
MENTA NOS SOUS POEMAS. FOI UN ETERNO
PERSEGUIDOR DA PALABRA XINXELLA, ENVOLTA
D'ÚA MUSICALIDÁ QUE, COMO DIZ ÚN DOS SOUS
BIÓGRAFOS, NAMÁIS ENCONTRA PRECEDENTES NA
LLÍRICA MEDIEVAL GALAICO-PORTUGUESA Y EN
CAMILO PESSANHA, A QUEN ADOPTÓU COMO
MAESTRO. ABORRECÍA A VIDA SOCIAL Y EL
EXHIBICIONISMO, TAN LLONXE DAS SÚAS REICES.
ÉL MESMO DICÍA: «NACIDO EN TERRAS UNDE A
LLUZ DA NOITE ERA D'ACEITE Y EL PAN TÍA EL
COLOR DAS PEDRAS, TODO ESCESO PÍNTAME ÚA
FALTA DE GUSTO; TODO LUXO, ÚA FALTA
D'ARROGANCIA». TODA A SÚA OBRA TEN ÚA
FONDA INTIMIDÁ CUA NATURALEZA Y ÚA
SOBRIEDÁ QUE NAMORA. POR ESO, Y PORQUE É UN
VERDADEIRO DISFRUTE EL LLELLO, TREMOS UN
PUÑAO DE POEMAS SOUS TOMAOS DEL LLIBRO *O
sal da lingua* (1995) Y TRADUCIDOS AL GALLEGO-
ASTURIANO POR MANUEL GARCÍA-GALANO.

El sito da casa

Úa casa que fose un arenal
deserto; que nin casa fose;
nomáis un sito
unde el lume s'encendéu, y alrededor d'él
sentóuse a alegría, y calentóu
as maos; y foise porque tía
un destino; algo xinxelo
y pouco, pero destino:
medrar como árbol, resistir
al vento, al rigor da invernada,
y úa mañá sentir os pasos
d'abril
ou, ¿quén sabe?, a floración
das ramas, que parecían
secas, y de novo tremban
col repentino canto da calandra.

Cain como pedras

Cain como pedras felices nel auga.
Son tres ou cuatro rapaces
fuxindo da dureza del aire
seco, son
elos cúa súa risa
os que fain el río navegable.
Quizáis nun tein máis
qu'el esplendor del corpo espido,
el sou olor a fruta verde,
a alegría
que nel auga vai correndo
compartida cúa luz
d'agosto y os oídos
de quen axeito aprende
tamén a espirse,
sin saber siquera si chega
a tempo de qu'haxa inda río.

Nel meu deseo

Ten dolo de quen nun durme,
de quen pasa a noite esperando
qu'esperte el silencio.
El vento debería cantar nos prádanos
cua lúa nova, ser máis úa foya
feliz nos ombros del outono.
Peró el vento parecía tar entolecido;
d'este a oeste barría
el camín, barría a noite: el vento
alegremente
barría el mundo, en remolín
arrastraba a cotra mil veces inmunda.
Y el sono chegaba.



Anónimo, *Peteiro d'hommes delante d'úa tenda*, Santalla d'Ozcos, h. 1925.

É así

É así,
a xente despídese, vaise
maldicindo a terra,
carga amarga que nin el demo
aguanta, col tempo vai
esqueicendo inxusticias, penas,
inxurias, morrendo por volver
al olor da paya seca, al calor
animal da corte,
al sono del hortín
con tres medidas de meiz al sol
y dos pinos bravos,
porque nun hai nel mundo
outro sito unde,
al cabo, día tanto gusto revolcarse.

Fritz Krüger, *Casa de llabranza y hurro*, Marentes (Ibias), 1927.



Historia que pinta cuento

MANUEL DEL REY VELARDE (ARMENTAL, NAVIA 1877 - 1949) FIRMABA COL ALCUÑO DE *Manuel de Lienes* AS SÚAS COLABORACIÓIS LLITERARIAS NEL DECENARIO *El Río Navia*. QUEN NOS FALÓU D'ÉL PINTÁBANOLO LLABRANDO COL VASADOIRO AS SÚAS TERRAS DEL PALACIO D'ARMENTAL, DEL QU'ERA AMO. EL RETRATO D'HOMÉ CULTO Y UN FARAGUYO BOHEMIO QUE NOS DERON CONCUAYA BEN CUAS POUCAS COUSAS ESCRITAS QUE SE YE CONOCEN, EN PROSA Y EN VERSO. ÚA POESÍA DE MANUEL DE LIENES, «XA SE FORON», RECOYÉMOLA NEL ANTOLOXÍA *Unde letras falan*.

HAI MUITAS COLABORACIÓIS EN PROSA EN GALLEGO-ASTURIANO NOS PERIÓDICOS LOCALES NAS PRIMEIRAS DÉCADAS DEL SIGLO PASAO. SON CRÓNICAS DE FESTAS, OPINIÓIS, DIÁLOGOS... PERÓ BÓTANSE EN FALTA TEXTOS QUE RESPONDAN ÁS CARACTERÍSTICAS LLITERARIAS D'UN RELATO DE FICCIÓN. PRECISAMENTE É DE MANUEL DE LIENES DEL QUE CONOCEMOS DOUS EXEMPLOS. XA PUBLICÁRAMOS NA SECCIÓN «EL HOUCHA» DA REVISTA *Entrambasaguas*, NEL N.º 8 (1998), UN FRAGMENTO D'UN RELATO D'ÉL, «COUSAS QUE PASAN». AGORA BRINDAMOS ENTERO «HISTORIA QUE PINTA CUENTO», PUBLICAO UN 28 DE FEBREIRO DEL 1917 NEL PERIÓDICO *El Río Navia*. COINCIDE COL OUTRO RELATO D'ÉL NEL RETRATO IRÓNICO Y IMPLACABLE QUE FAI DOS CONVENCIONALISMOS SOCIALES NÚA CUESTIÓN TAN IMPORTANTE COMO OS CASAMENTOS. PRA ESTA EDICIÓN AMAÑÁRONSE A ORTOGRAFÍA Y AS ERRATAS CLARAS, PERÓ DEIXÁRONSE OS CASTELLANISMOS Y EL USO SISTEMÁTICO DA -Y-, PROPIO DA FALA DE NAVIA Y QUE DALGÚS AUTORES NAVIEGOS D'AQUELLOS ANOS REFLEXABAN AL ESCRIBIR.

Xosé MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

MANUEL DE LIENES

En toda la mi acordanza, sempre vin qu'el tío Roque vía pola nosa casa, lo menos dúas veces cada mes. You conózolo desde antes de morir el noso bolo, el cual estimaba y quería como si fose de la familia.

Xa entonces era quen vendía y mercaba nas ferias lo que nos fía falta, pos nunca naide puxo en duda que sabe de todo, y muito de cada cousa. Por outra parte, tamos xa tan avezaos a fer lo qu'él manda, y témosye tanto respeto, que naide en mi casa s'atreve a gurgutarye.

De medio ano a acó, nun veu úa sola vez que nun m'aconseyase que debo de casarme. Un día díxenyte you:

—Tou conforme, tío Roque, que xa teño tempín; usté que ten tanta conocencia por todos yaos, xa pode decirme ónde vou topar úa nena que me compita.

—Sí, home —apuróuse a decir el tío Roque—, sei d'úa qu'é al xeito, rapaz, y é mayorazga...; xa verás que nena; eya é rebusta, colorada, mui ben alta y con úas faicióis de cara qu'hai que veyá; además, é mui trabayadora: lo mismo corta ganza que yabra; núa palabra, opino qu'é la pedra pa la gadaña.

A tal deseo del tío Roque, al outro día, qu'era domingo, botamos p'ayó, a vistas por Penouta arriba; pos sendo así tanta comenencia, nun había que reparar en ir pa cualquier yao.

Condo íbamos xunta casa del tío Canuto (padrasto d'aquel feixe de bondades a quen chamaban Pólita), xa el tío Roque me yevaba espricao cuáles eran los eiros, cerraos y contribucióis de la casa.

Petamos na porta, y salú la tía Colasa —madre de la nena— y, despós de saludarnos, mandóunos subir pa la sala. Era ésta corrida y había nel medio úa gran mesa, dalgús bancos y úas tarimas nas esquinas, en forma de camas. Cincaos entre dúas vigas había us cangos, de los que colgaban siete restras de sala y por un yao d'eyas deixábase ver un gran baúl habanero que trouxera de pol mundo el primeiro home de la tía Colasa. Mentras ésta y el tío Roque falaban del tempo, you fun asomarme a la ventá que dá escontra el horto de las berzas y, al tar reparando los penedos que

serven de marcos, puiden a medio oyo ver qu'el casamenteiro, encarao nel ama, m'apuntaba col dido; enseguida quin na cuenta de que tían algo praneao, pos parece qu'aqueyo quería decir que you era... aquel. Sentéime xunta eyos, y observéi qu'aqueya muyer me mostraba inda más gracia qu'antes. Sentimos esma-dreñar polas escaleiras y entróu na sala un home alto y delgao, fumando un pitiyo, y tía úa coliya detrás de cada oreya; aquel era el tío Canuto, home de la tía Colasa. Saludóunos con gran afeuto, y empezamos a falar outra vez de que si el tempo ta bon, de que si ta ruin, condo de pronto salíu el ama, volvendo al minuto con un gran bacito chen de mel núa mau y us pratos y úas cuyares nel outra.

Casi yuitando, fixéronme sentarme nel único taborete qu'había, y tía que ser na cabeceira de la mesa, debaxo d'un cravo chantao na viga del que col-gaban úas madreñas atadas cus cánabos, us escarpíus y úas botas mui ferradas por debaxo. You, si hei decir verdá, nun taba mui tranquilo debaxo d'aquel presu-go. En conto la tía Colasa botóu el mel nos pratos y partíu el pan de centén d'un boyo que sacóu del baúl, foise a la ventá a chamar a Pólita, que taba na serra yindando las cabras, apurando pa que vese axina.

Non ben acabamos de comer el mel, xa ougüimos berrar las cabras na corrada.

—Vaya —dixo el ama—, xa ta ei a ninía.

Subíu esta pa la sala y ouservéi qu'al minuto xa me tía ben mirao del pico al fondo; tampouco you perdín el tempo, pos deseguida vin a las craras qu'el tío Roque nun me dixera muita verdá, pos era Pólita como d'us cuarenta anos, retrepa, y mui ben pinta de vixigas. Sentáronla na mesa al meu yao, y nun reparóu en feyo encima d'úa medida qu'había nel chao del banco. Púxoye el tío Canuto un prato de mel, como si fosen papas, y un canto de pan de yibra y media, y de todo nun deixóu nin pizza.

Condo salimos pa la corrada, quixo el tío Canuto que ye vésemos us xatos que tía, por cierto ben desaparexos; así como el ún era de búa pranta, non lo era

el outro, por ser de pouco fer, mui torrao, y querendo regar un más ou menos.

De la que salimos de la corte, despedímonos el tío Roque ya you de toda la familia y, condo xa íbamos nel fondo del horta, foi condo el tío Roque me mandóu mirar p'atrás y vin a *ninía* rescoldada na ventá, y mui triste, como cuidando que nun volveríamos más.

En todo el camín, el meu socio nun sabía falar d'outra cousa que de lo búa xente qu'é aqueya familia, y hasta que ye din palabra, y ye xuréi, d'ir a pasar us días ayó, pa ver si m'afia, nun me deixóu en paz.

Al domingo siguiente, y mui ben cedo, xa tía en mi casa al tío Roque, y a tanto apurar, amañéime y botamos p'ayó, a onde chegamos a las cuatro de la tarde; como nun xantáramos inda, dimos algo que fer al ama, por más que parte de la xanta xa taba feita, pos regaláraye úa amiga dous días antes úa cazolada de for-nigos, y nun había más que pueyos a calecer.

Despós de xantar, y tomar *café*, el casamenteiro coyóu el camín pa casa, deixándome a min entre aqueya tan búa xente.

Nun sei cómo s'enteraron los mozos d'aqueya redolada de qu'había un mozo en casa del tío Canuto, que desde Cabanas Trabazas baxaron de noite rapaces a aqueya casa; dous d'eyos xa eran visita cuasi de todas las noites. Sentaos todos nos bancos de la cucía, sin outra yuz que la que daban las brasas, vía you qu'ún d'aqueyos rapaces taba demasiao chegao a la *ninía*, y falaban d'oreya, mirando escontra min, d'úas cousas que nun me fían maldita gracia. Tampouco me gustaba muito el ver que, condo s'iba dalgún, que fose la Pólita ayumarye; primeiro, porque tardaba muito en volver; y segundo, porque todas las veces se yes apagaba el candil. El último que se foi era el que taba sentao xunta eya; y al salir de la corrada empezóu a cantar esta copra:

*Á casa del tío Canuto
veu un mozo a cortejar;
con éste xa somos ocho,
y a xovenca... por casar.*

Esta cántiga foi lo que más m'embreóu, pos, si me valira, iba darye you outros tantos palos nel yombo como de mozos tía a *ninúa*.

Despós de ciar úa tortiya d'arengues y úa conca-da de yeite, fómosnos a deitar; a min mandáronme acomodarme como puidese, na tarima que ta frente a la de Pólita; el candil ayumaba por igual pa todos derri-ba de la mesa. En conto se deitou a *ninúa*, todo se ye volvía dar voltas, y barbuyar, como si ye dolesen las molas. Condo taba you pensando a lo qu'obriga el interés, vexo al tío Canuto qu'iba soprar el candil y yevaba posto un refaixo de la muyer.

Non ben ameicéu, y despós de comer un prato de papas, y guardar núa serviyeta outras tantas, mandáronme ir pa la serra colas cabras; nunca paséi un día tan desesperao, pos aqueyos diabros con cornos nun tardaron un hora en andaya toda.

Condo cheguéi pa casa de noite, vin qu'encima de la mesa de la sala había úas concas, y nel fondo tían pouso de café, y xunta eyas taba inda la boteya de la caña.

Baxéi pa la cucía y, además de la xente de casa, había un tendeiro a quen ye deran pousada. Así como a la hora, mandáronme ir a la corte a despachar el ganao, y ofrecéuse aquel home a ayumarme, y falan-do d'úas cousas y d'outras, díxome que los que tuve-ran ayí tomando café, que foran dous homes y un

rapaz que vían a vistas, y que yes gustaba la nena, la su ermá, ou lo qu'é; y qu'a la nena ye gustara el rapaz, y polo que yes ougüü decir, nun tardaron en enten-derse...

Comoquera qu'a min, pasaos dous días, nun me dixeran nada de todo eso, y como xa taba cansao d'a-guantar... cabradas, pos nin el ayindar me fía feliz, determinéi al domingo vir pa mi casa.

Condo vía you baxando el Cordal, onde empe-za dar vista a Coaña, topéi al tío Roque, qu'iba p'ayó.

Al verme, pensóu que daquéen taba malo, y qu'i-ba chamar al médico: pero pronto s'enteróu que nun era así, pos you, mui triste, contéiye lo que me pasa-ra, a lo qu'él nun ye deu ningún valor, y todo el tem-po el sou afán era que me volvese, y que xa s'amaña-ría todo..., a lo cual you m'opuxen tenazmente, y foi condo me dixo:

—Usté fairá lo que you ye mande.

Y, al mismo tempo, coyéume polas solapas de la chaqueta, y deume un bon par de sobayóis.

Entós foi condo you ye perdín todo el respeto y, botándoye úa mau al piscozo, arranquéiye d'un puñao el corbatín, ya un pedazo del cueyo de la camisa, y al botar a andar inda ye metía los puños pol focico y, con voz ben crara, pa que m'ougüise ben, díxenye:

—¡Mire, tío Roque, nun s'empene, pos xa nun me caso, y alón!

Fritz Krüger, *Río Ibias, al sureste del Villar: vista hacia León, Ibias, 1927.*



Enrique Gómez, *Mayega, Grandas de Salime, h. 1920.*



AURORA GARCÍA RIVAS: *As razóis d'Anxélica*
TRABE, 2010.

As razóis d'Aurora

Condo Aurora García Rivas publicou *Contos, dúcia e media d'eles* —libro de narracións que xa conecéu neste ano pasao úa edición nel portugués (*Contos, dúzia e meia deles*; traducción de Daniel Gouveia)—, falábase d'un gran tema estrutural qu'era entoncias y é agora tamén, anque namáis nel empezo, como punto del que partir: a señardá. Y dicíamos d'esta qu'é un dolo fato que nun leva a ningún sito y fai qu'el señardoso acabe consumido por sí, nun querendo ver máis nada.

Pra iscar d'esa lama espesa unde reina a señardá —«salín algo d'esa especie de zona de naide na que taba metida, polo mor de pensar qu'o mundo acababa a menos de dez quilómetros»— fía falta que xurdira un libro como éste y que nacera d'entre as súas linias un personaxe como Anxélica.

Hai entre Aurora y Anxélica úa relación mui confusa, máis qu'entre un autor y el sou personaxe, de madre y fiya, porque na realidá son as dúas a mesma persona con úa xeneración de paso, venticinco anos de camín. El tempo xusto pra medrar y ver el mundo d'outra maneira, pr'acabar xa pra sempre cua señardá del empezo.

Con *As razóis d'Anxélica*, a escritora da Antigua saca ás chías á fala del Navia-Eo d'ese universo literario dedicao toda a vida a renemprar y guardar as mesmas vistas, hestorias y personaxes de sempre. Aurora deixa d'ei en fora un mundo d'horros, galochas y piteiros, de mercaos, valaos y mayegas, contando úa hestoria del Mundo con mayúsculas, narrando el que ta pasando nun país mui lonxe, estraño y ventureiro, y

unde os personaxes son xente mui distinta a nosoutros, aunque nel fondo namáis tea el ser humano, asomeñao a os outros: «conócese qu'a mezcra das razas é boa».

Ese brinco pr'alantre pode salir mal, por eso hai que poñerye lindeiros. Ún d'elos pasa por identificar a os dous personaxes, pra dar un aquilo de continuidade, de qu'el xebre nun é tanto. Así, a madre y a fiya tein el mesmo orixe, fiyas de madre solteira, y de padre casao como dixo alguén, y as dúas viven de nenas guardadas ou presas, según se mire, nun convento, aunque Anxélica sala d'alí pra nun volver. Emprea a escritora un recurso retórico pra fer máis grande esa relación: a narración en segunda persona. Esto pouco se ve na Literatura, a nun ser nel xénero epistolar (as cartas). As razóns del úa y del outra, a madre y a fiya, van entrevenándose de tal xeito qu'ás veces al lector acaba esqueicéndoye quén bota a parolada, pois confúndense as dúas. El outro lindeiro literario é fernos crer que, nel paso Aurora-Anxélica, a singularidad d'esta vén dada porque é a fiya un ser xa singular por demáis, por eso as espresións como «eras rara abondo nenía», ditas pra falar d'esa fiya tan especial, atópanse a miudo por toda el obra.

El diseño da novela, falando xa d'outra cousa, consúmese axina nel sentío argumental. El acabo da protagonista conócese dende ben cedo —«a cinza dos teus ósos, se é que che quedaba algún, ta estrada polos prados nos que brincache tanto de nena»—, pero acaso sía ésta úa argayada amañada pra darye entrada al tema nel que repousa toda el obra, el ser humano, solo, de tal xeito, entornao con todos os poderes del Mundo, con todas as desgracias posibles, como núa traxedia unde son os dioses os que moven os fillos. Aurora pide pral Home úa relación personal con Dios, non gobernada pola Igrexia, úa relativización das ideoloxías

(deben servir á xente y non al rovés) y el importancia del ser humano singular nel mitá da Hestoria.

El acabo descúbrese antias de que chegue, pero a narración sigue arrechando sin parar nese discurso Aurora-Anxélica qu'amura ás veces pola prosa poética y algúas pinta tamén querer cortexar a eso que se ye chama escritura automática. Conocemos el acabo pero queremos qu'Aurora decida contárnolo outra vez máis, porque é nesas escenas (en especial a que pecha el obra) unde a poetisa Aurora impón a súa sensibilidade. Sabemos del empezo porque el autora repítelo a miudo, pero esas repeticións fain que medren os elementos simbólicos (a cabeza de mouro qu'Anxélica escoyera de nena como peto) que son un recurso da señardá xa pasada.

Os apéndices respreative da guerra nel Congo, que é el tema inmediato, el que temos delante, fain que nun téamos seguros das intencións d'Aurora. ¿É esa guerra namáis el escenario pra poñer a Anxélica y as súas ganas de salvar al Mundo; ou, al rovés, é Anxélica, el personaxe, el prescindible, un ser humano al que poderíamolo atopar en cualquier outro lugar y que fai falta solo pra que tea nese país d'África, alí unde pasa a hestoria qu'el autora quer contar?

Nun temos resposta. Namáis Aurora García Rivas la ten. A verdá é qu'a información que brinda el autora é tan espesa qu'a novela asomeñase muitas veces a un manifesto. Ideas tan radicales son fáciles d'atopar nas primeiras obras (é a primeira novela d'Aurora), a miudo diseños novelísticos totalmente experimentales. Aurora procura en todo caso entrefrebar el tema puntual (el Congo) col tema universal (el Home) y emprea el filao da súa poesía pra recoser a hestoria úa vez tres outra y que nun deixe de ser xusto eso, úa novela, úa narración, úa fileira de cousas que pasan, úa hestoria por contar.

JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO



MARÍA JOSÉ FRAGA: *Han a ser cinza...*
SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO -
ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA, 2010.

El rostro y as mázcaras

Nun son comúis, nin xeneralmente demasiao afortunaos, os poemas que nacen da felicidade. A celebración da vida, a palabra poética erguida en de baldre contra a morte, faise precisamente dende a indagación del dolor, dende el determín de sacarye as contas á maquinaria absurda y devastadora da desolación. Erguida en de baldre, si, se el que se quixera fora recuperar vida; pero útil, na súa dimensión humana, se el que se quer é alumar, descubrir a verdá interior da realidá, procurar quizabes consolo ou trempanza nel mal paso del vivir de cadaldía. María José Fraga Suárez encara en *Han a ser cinza...* un viaxe al dolor teñido de matices confesionales y esa empresa, sábelo quen lo tentóu, ten pilangos peligrosos nos que pode cayer el poeta inesperto y hasta dacondo el máis esperiméntao. A falacia patética é, ben sei, el xeito menos grato da cursilería. Un poeta sabio como Joan Margarit tentóu, non sempre con éxito, evitala en dalgún dos sous últimos poemas; exemplos de poetas ruíos que cain nela hai tantos que nun iba merecer a pena nomar nin ún.

Desconocía el obra de Fraga, que xa publicara nel 2005 un libro de relatos, *Cua lluz prendida*, y un libro de poemas nel 2007, *Terra de pataricos*. Atópome, cuase por sorpresa, con este *Han a ser cinza...* y descubro úa poeta formada, sabedora del sou oficio y mui intelixente al hora de manexar esos matices autobiográficos que vertebran el libro. A poeta facilita al lector a distancia xa dende el empezo, con un prólogo-ficción unde se presenta como úa estudiosa que dedicóu «úa

non pequena parte da mía vida á investigación y estudio da desconocida lliteratura da nosa terra». Tres d'úa reflexión sobre el soneto quevediano «Amor constante más allá de la muerte» (que tanto ye prestaba a Jaime Gil de Biedma, ún dos maestros de María José Fraga), reinterpreta este poema núa versión mui axeitada, creativa y guapa qu'atribuye a un tal Bartolomé Villarrín-Villacén. El lector ten, a partir d'ese momento, nel horizonte d'espectativas os parámetros da ficción: nel primeiro poema, con un tono marcadamente confesional, daquén nos diz que nun sabe quén é, en todo caso «nunca a que credes, / senón úa muyer con muito / arte cuas mázcaras, / esperta / en falsificar documentos y firmas, / que xa son veces y a experiencia é grande».

«Chamádeme Pablo» é, quizabes, unde máis encoira aparez a voz de Fraga. Nun cai, así y todo, na falacia patética, en parte polos mecanismos qu'intelixentemente botóu a andar dende el empezo, en parte porque úa voz angelgonzaliana (el poeta uviedín é outro dos maestros da franquía) condúz cua súa medida distancia a intensidá del poema: «Sabede por min / qu'ocupóu el sou sito / nesta terra. / Qu'inda pesa / a súa estatura, qu'aquel corpo / fexo casa nesta muyer / pequena. / Vede nos meus / os oyo de belluga que miraron llonxe. / Sabede qu'esistíu, que foi, / que sigue aquí. // Soi Pablo; / ás veces, / Pablo é el nome solo / que me noma». El mesmo tema elexiáco

aparez úa y outra vez en cada poema, sin esquivar nunca a fondura, y utilizando os máis diversos recursos estilísticos. El demáis, é a voz d'Ángel González a que se peneira sutilmente nos versos de María José Fraga, úa poeta que, como Silvia Ugidos, soubo asumir a voz del autor de *Palabra sobre palabra* sin esconder a propia orixinalidá. El recursu da ironía (ironía desolada, nese caso) utilízase con gran acerto nel poema «Mazcontando»: «Ventioito del sete del sesenta y dous / seis del tres de dous mil sete / Nacional seiscentos trenta y cuatro / corenta y cuatro anos, sete meses, seis días / venticinco anos xuntos / un dolor infinito // y para de cuntar».

Un libro escelente este d'*Han de ser cinza...*, unde nun falta a reflexión metapoética («Intertexto») ou os autorretratos emocionales ben conseguidos: «Aborrezco as mañás / de felicidá de cartón-pedra dos domingos / de periódico y pan / das familias á misa dos busdías / repetidos sin pensar / d'un son ilusionista / que nun guarda nel sombreiro / más qu'esa escuridá de llúis / que mata d'un bocao / as horas lletas».

Se núa reseña tuvera permitido dar conseyo, eu atreveríame a recomendarye á poeta a lectura dos poemas de Charles Simic. De seguro que nas súas alegorías sin sentido iba atopar momentos de grave reflexión.

XUAN BELLO



ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, *Tanguero*:
Volta de paso.
SUBURBIA EDICIONES, 2009.

Un beat en Ferradal

Ferradal é un barrio do poblín das Campas, nel concello de Castripol, onde vive Arturo Álvarez Fernández, *Tanguero*, e onde tamén se revolve un pouco contra as normas establecidas, contra o camiño marcao d'antemao, un barrio... onde anda perdido un *beat*.

Xa conocíamos algúns el labor literario d'Arturo dende aquel primeiro e único Premio Aira de Poesía na Fala, xa nel ano 2003, onde tuvo un servidor o placer de compartir as páxinas d'úa publicación case artesanal que reproducía o seu primeiro poemario, *Pedras moles*, como ganador, ademais d'outro poemario meu como finalista.

Pódese dicir qu'a partir d'ese ano prodúcese a aparición d'úa nova fornada d'escriitores e escritoras en galego-asturiano (a expresión é de José Antonio Fernández Vior) que nun tein, ao meu parecer, úa enorme vinculación entre si nin por idade nin por localización xeográfica, nin tan sequera por úa temática ou estilo poético propio e diferenciador —pos os estilos son varios—, e que case solo coinciden en qu'as súas primeiras obras poéticas foron publicadas nestos últimos anos. Digo case porque en todos os autores e autoras d'este grupo aparece o apego pola terra e o esmolemento pola lingua que falamos, algo que xa existía en dalgún dos autores anteriores, pero que se ve agora reforzado e garra un peso enorme na literatura do Navia-Eo.

Nun deixa atrás Arturo este denominador común e na súa obra descubrimos un escritor apegado ao terrén, reivindicador de memoria e de soños, d'úa forma d'entender a vida que nun é a que marcan as

normas, cuidadoso col linguaxe pro sin perderse en rebiricoques estilísticos, con úa rítmica case romanqueira, trespasante na súa poesía, un escritor de sentimentos, espido al primeiro vistazo... un poeta, en fin.

Dicía máis arriba qu'andaba perdido un *beat* porque el novo poemario d'Arturo, *Volta de paso*, enséñanos nos veinte poemas que lo forman que comparte coa axitadora xeneración literaria a rebeldía contra as normas imperantes, a busca da libertá aunque súa fora del camín marcao, el rechazo ás normas y os camiños preestablecidos, a busca del sou propio rumbo.

Podíase dividir el obra en dous grupos de poemas pola súa tematica, aunque en todos vemos a idea de ruptura con lo establecido; nus, esa busca é muito máis nítida mentres que noutros ta máis dirixida a úa persona en concreto, a esa persona pola que merece a pena lanzarse pola arribada sin colchón ningún debaixo pr'amortiguar el golpe.

El primeiro conxunto son os del de romper col «ser como Dios manda», el salirse del camín que nos marcan (que nun é sempre el máis bon) se a ocasión merece a pena, chegando a vender el alma en «Tarde de baraxa» y encima faendo ben en vendela pra deixar d'ir «pol camín dereto / del come, cala y morre», y é que sempre queda úa rendixa pola qu'escapar del fume da urbe, incluso col axuda ou comprensión del demo.

Son os poemas nos qu'Arturo dáanos a entender que nun se topa a gusto nel mundo unde vive, que nun é el sou. En «Lendo a vida» dícenos «que ser parte del rabaño / namás ye quita a fame / a quen vive vexetando» y nel poema «Xa que tamos» dá a entender qu'el perdedor é el verdadeiro ganador: «el que cayéu nel camín / y nel tarrén quedóu / disfrutando del momento», des-amañando outra vez a norma establecida. «Asadores de manteiga» é outro dos poemas que nos invita a salirse del rego, pro pedindo axuda neste caso, pois él solo parece que nun pode, necesita que lo desperten, que nun ye deixen chorar, que con eso nun amaños nada.

Y é esa busca ou chamada al axuda, á persona cómpriz necesaria pra romper con todo, a que fai de

centro del segundo grupo de poemas. Un auxilio que vai máis aló del botar mao d'esa persona condo faga falta, pois a él enseñáronye a nun pedir máis de lo qu'él mesmo poda dar, y nun vai ir máis lonxe, úa compricidá pra terte «unde de ti podera / botar mao condo quixera».

Nel mesmo xeito, «Síntolo» é úa reflexión sobre a súa manera de ser, layando por ser un zarro, sobre todo por esa outra xente, que pode ser cualquiera dos que quer al fin y al cabo, pois son os que pior trata. Dice Arturo qu'él un hipócrita, un cobarde, porque nun yes berra a os outros, a os que nun traga. Nada ten que ver lo qu'él conta con lo qu'él é, pois al mostrarnos eso na súa poesía ta rompendo con todo y deixa de ser ese cobarde que tanto ye dole.

A señardá é úa constante en todo el poemario. Así se ve en «Lonxe», «El freisno» ou nel mesmo «Señardá», que son en si mesmos verdadeiras odas ás penas de tar lonxe y á súa vez enseñan a súa admiración por esa pena pra «que nunca deixe de medrar», pois al final a melancolía é un estao que nun ten por qué ser sempre odiao, aunque ás veces nun apeteza.

Tamén el apego al tarrén, á naturaleza qu'axuda a faer a casa de cada ún. É un común a todos ou case todos os poemas; así vemos que chufa al vento, a os árboles, a os ríos y sobre todo al mar. «El mar» é case un epitafio qu'inicia el poemario y nel qu'Arturo xoga coa contradicción entre a dureza da morte y a guapura del mar, que nun é outra cousa qu'a «brusquedá feita felicidad».

Roda Arturo por fora das rodadas nel carreiro porque esa é sin duda a forma de faer el camín novo, y porque ás veces vale máis lo bon desconocido que lo malo que xa conocemos. Y roda Arturo col apego á terra y el respeto á xente; al sou mundo de naturaleza bruta y urbes gastadas pro qu'einda así hipnotizan; revolvéndose contra as normas y os estilos marcaos, abrindo úa ventá nova pral que quira mirar dentro, sin ter que tapar os oyo, qu'el desnudo é voluntario.

MONCHO MARTÍNEZ CASTRO



MANUEL GARCÍA GALANO: *Faraguyas*.
SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO -
ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA, 2010.

Xuntanza na praza

¡Quén nos iba dicir que volveríamos a topar con Xulián, Sabela, Queitano, Delmira ou con Antón del Cesteiro cuntándonos novas aventuras! Pos ei los temos. El escritor tapiego Manolo García Galano botóu mao á pluma y regalóunos un brazadín de contos cúa frescura das súas primeiras narracióis.

A Manolo conocémoslo todos os que nos acercamos ás páxinas d'esta revista y nun precisa de muitas presentacióis. Xa nun esperábamos que nos sorprendera con úa nova obra; non porque nun fose capaz, senón porque leva trabayao tanto que xa ten ben ganao un descanso. Pero Manolo é asina y nun pode deixar d'escribir. Pra él é tan importante como comer. D'este xeito, bocadín a bocadín, foi amañando us relatos que nel pasao mes d'agosto presentóu baxo el nome de *Faraguyas*.

En Manolo, por derriba de todo, xurde a súa humildá. Nunca lo ides a ver chufando nada del que fai, senón dándoye sempre máis importancia a lo dos outros. El título del libro, *Faraguyas*, ben sei que yo puxo porque nun ye dá al que fixo muita importancia. Despós de lelo, eu diría que nun son faraguyas lo qu'atopamos nel libro, senón bus corteyos, bus cachos d'úa fogaza que vein a completar úa búa fornada que nun cabe en cualquier forno.

Esta fogaza ta partida en ventitrés cachos; cadún é un conto, úa hestoria, us recordos; en fin, un pedazo da vida da xente que nos arrodía. Manolo verque nas páxinas úas veces os sous recordos y aparez como neno protagonista d'algúas hestorias; outras veces xur-

den outros personaxes chíos de vida, chíos de realidá; son inventaos por Manolo, pero tán tan ben pintaos que parecen de carne y óso; ademáis, como algúx xa apareceron noutros escritos del autor, parécennos case vecíos qu'atopamos en cualquier praza. Son cento cinco páxinas chías d'humanidá.

Os temas dos contos (falo de contos, aunque non todos son contos) son mui variaos. Xúntanse de xeito perfeuto costumes ou recordos dos anos trenta con temas máis modernos ou d'agora mesmo, como poden ser as présas d'úa muyer na caixa del supermercao, el gripe A, a globalización, atopar parexa por Internet ou as xeiras que pasa Milio cua televisión y a chía d'anuncios que ye botan.

Aunque os contidos entremézcranse, poderíamos axuntar os contos en tres montóis:

Un montón cuas hestorias de xente con nome propio; entre outros poden citarse «Bolo y neto» (úa hestoria chía de cariño qu'afonda na vida dos veyos y as relacións entre xeneracións) ou «Pouco rixo» (hestoria de Xulián núa reunión pr'amañar úa asociación y da recartiya que ye dá a súa muyer).

Outro grupo con recordos del autor nel que nos presenta a vida condo el escritor era neno. Entre ellos tarían «Recordos del último brao» (repara con señar dá os sitios por unde andaba de novo: A Fonte del Pico, el Campín unde se fía a fogueira de San Xuan, El Xardín del Valle, unde xogaba á biyarda, etc.) ou «Úa feria na Roda» (espléndida descripción d'un xoves na Roda).

Y el terceiro grupo, con costumes d'outro tempo. En «Bodegueiras» fala del costume de dar el *pan das ánimas*. Nel conto «Mazaricóis» repasa os velatorios d'antias. En «Luitos» conta, pesaroso, os costumes de mostrar el dolo polos que morrían. El autor dá exemplo d'úa sensibilidá especial polas muyeres que sufrían, como naide, a zuna d'ir de mouro.

A prosa d'este libro, como a dos outros qu'escribú Manolo, é úa prosa cuidada, con un son apropiado a cada personaxe, úa prosa elaborada, pero nunca pesa-

da pral lector; al rovés: é úa prosa de lectura fácil. Manolo ten el habilidá de fer sinxelo lo difícil.

El autor domina a nosa lingua como poucos lo fain; úa lingua aprendida de neno y perfeccionada con aloumiño hasta hoi. Como bon tapiego, conoz as dúas variantes lingüísticas del conceyo: a variante con ele y a variante con elle. Neste libro mezcra as dúas. Os máis dos contos tán escritos na variante con ele, pero en cuatro contos failo cua variante d'elle.

Cua conocencia que ten del espírito da xente d'estas terras, aprendida de muitas horas de parzami-que, as descripcióis dos personaxes son maxistrales. Úas veces bástanye dúas palabras pra caracterizar a un personaxe; outras veces a descripción é máis larga, pero sempre precisa. Lo mesmo podería dicirse da narración. Úas veces faise lenta, como se nun hou- bese présa; outras, acelérase y, como se fose nun auto de carreiras, ponnos al tanto del que pasa.

Nesta obra cuida el vocabulario a máis nun poder y ofrécenos un bon feixe de palabras que pral máis da xente xa tán esquecidas, condo nun son totalmente novas. Palabras como *aloumiño* (cariño, mimo), *eston- gos* (empríalo Manolo pra señalar os problemas cos que s'atopa Simón pa poder casarse), *alifaz* (pequena dolencia que ten Antonia del Pouso), *bétigos* (dice en «Úa feria na Roda»: «os tendeiros iban recoyendo os sous bétigos y os mozos dispoñíanse a acompañar á parexa»), *escarrollarse* (torcer un pé), *coxados* (tar chíos de todo), *reviciar* (coyer hábitos ruíos) y outras mui- tas qu'atoparedes nel libro.

Manolo manexa muito ben a técnica literaria; sin abusar d'adornos, atopamos comparacións, epítetos, metonimias, metáforas... Y sobre todo el humor, a ironía ou a sorna propia da xente del campo. Pra rematar, imos ver algúx exemplos:

Nel conto titulado «Roxóis» cunta el autor:

«Un día topéime pol camín con úa d'aquelas muyeres, y vin que tría entre as dúas maos, ben apegado al mandil, un envoltorio feito con papel d'estraza, del que tresparentaban manchas da grasa. Como

era el tempo da matanza dos cochos, nun fía falta ser mui listo pra supoñer qu'el envoltorio levaba roxóis.

Cua mía inxenuidá de neno, dixenye sorrindo

—Á Manuela, levas un bon papelao de roxóis, ¿eh?

Manuela, que sempre tía as contestacióis a punto, respondéume:

—Levo, nenín, levo. MUITO papel y pouco cocho».

Chen d'humor, de segundas intencióis, anque tamén con un pouso d'amargura, ta escrito el conto «Amores tardeiros». Sabela é úa muyer de setenta anos que se namora por Internet y cúntaye a Marica, súa cuñada, cómo chatiando dende a casa da súa vecía Ruperta conocéu a un home d'Ourense y namorouse d'él. Sabela inda nun conocía en persona al sou mozo, però píntayo a Marica d'este xeito:


«Éche un home culto, un home de mundo, un home encantador, Marica, creme. Nun ch'é un cualquiera. Y además é poeta.

—¿Poeta tamén? —responde Marica—. Nin por eso. Tu, érgame el demo si nun toliache.

—Pos tou contentísima por namorarme anque teña setenta anos, ¿entendes? Mira, vou recitarche el último verso que me mandóu, que lo aprendín de memoria, xa verás: «Por una mirada, un mundo; por una sonrisa, un cielo; por un beso... yo no sé que te diera por un beso». ¡Cómo nun se vai úa a namorar con estas cousas, Marica! ¿Qué dices agora?».

Ta claro que nin Sabela nin Marica leran as *Rimas* de Bécquer, anque Marica dudaba qu'esos versos foran d'él.


IGNACIO VARES



Anónimo, *Peteiro de personas nel Espín con Navia al fondo*, h.1910.



Anónimo, *Vista da villa de Navia*, h. 1920.



XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ:
*El Teatro Aldeano da Biblioteca Popular
Circulante de Castropol (1929-1934).*
Historia, estudio y edición das obras.
ÁMBITU, 2009.

Vida derriba d'un escenario de papel

É raro qu'houbera un poble que, a pouco que ganara úa regandixa de llibertá, úas horas de vagar, ou despregara a curiosidá polos outros seres d'al pé..., nun soupera convertillo en teatro. Os exemplos son varios y múltiples son as súas espresións en todos os sitios del mundo, del mesmo xeito qu'os sous ritmos y as súas creacións festexeras.

As tradicións son ben ricas, como os rituales condo se trata d'un teatro popular ben feito, sobre todo, asumindo a vocación de representar *con facilidade* as esperanzas ou as ilusións del público.

Dende hai ben tempo, Asturias tuvo tamén as súas prazas chías de siyas pral ocasión da comedia; a vecindá de villas ou aldeas fía úa pouxa nos llabores diarios pra seguir entre a risa y a emoción as aventuras d'us homes y muyeres que normalmente chegábanes al máis íntimo; era teatro, pero sabían qu'algo d'ello, amáis de xogo escénico, amostraba vida da súa vida. Así, de fronteira a fronteira, por muito tempo.

Peró nel época dos grandes cambios que se desenvolve nos anos veinte del siglo pasao, a raya pesada que xebra lo culto de lo popular íbase fer máis dalgada. Quizabes, sin máis, dous modelos de vida y de teatro necesitábanse xuntos pra sobrevivir nel mundo que s'esperaba das grandes tresformacións.

A historia dos pasos difíciles á modernidá guarda espacios memorables pra os intentos d'axeitar el teatro tradicional a os gustos y a os ideales de grupos sociales pequenos, hasta d'individualidades, pero con

gran poder dinamizador. Foron as forzas de vanguardia, qu'en todos os ámbitos y disciplinas iban actuando pra qu'a España rancia y conservadora dese paso á lluz del porvir.

Cuase sempre amañan historias d'esfouito ou llabor tremendo pra difundir información, lletras d'outros mundos, d'outros xeitos de vivir, pero, sobre todo, pr'amostrar as cartas d'úa esperanza enorme na rexeneración, nos cambeos necesarios pra qu'úa humanidade embrutecida deixara atrás a inorancia, el trabayo de sol a sol, as rutinas, as ideas relixosas que ye programaban el fado dende el berzo.

A educación, a instrucción pra os homes y as muyeres eran a garantía del futuro; el arte, el teatro, el cine que vía a pasmar a mirada veyá abrían as ventás necesarias pra outiar outros horizontes ou pra volver á casa ou á praza de sempre pero con outros oyxos xa argutes, cargaos de sensaciones y imáxenes novedosas. D'ese xeito, el teatro de títeres, a comedia de costumes, os arquetipos... íbanse convertir en contemporáneos. A historia veyá xonciábase al tempo novus xermollos dramáticos que renovarían a escena, nos teatros principales al tempo que nos escenarios pequenos de llugares y aldeas.

Xosé Miguel Suárez Fernández fexo posible qu'hoi sépamos d'un teatro y d'úa realidá cultural que nus poucos anos foi quén a dar personalidá propia a Castripol pero tamén a toda a comarca asturiana da contornada.

Con procuro d'investigador meticuloso y col afecto da persona que *sinte* a xente del sou país, vai descubríndonos úa historia guapísima, cuase máxica, a d'úa Biblioteca Popular Circulante que, como outras bibliotecas d'Ateneos y Centros Obreiros de ciudades ou villas grandes, fían de Castripol un referente d'intelixencia y modernidá.

Con úa entrega ben documentada, vai cuntándonos os rexistros da irradiación d'aquella Biblioteca, corazón d'un corpo en medría permanente hasta a Guerra, qu'acabaría arruinándolo.

Nesta narración hai momentos d'especial interés, como a descripción dos principios que dirixirían as actuacións culturales da Biblioteca; entre outras, el guiñol, estimao de verdá pol sou reigón nel público infantil y a súa gran versatilidá artística. Dende os principios educativos da Institución Libre de Enseñanza, dende a súa fraugua na Residencia de Estudiantes, chegaban a aquella terra del occidente d'Asturias, tan llonxe, úas ideas qu'iban amostar a súa permeabilidad eficacia.

Después, os postulaos das Misióis Pedagóxicas da II República acabarían d'afixar úa orientación ceiteira, na prensa local de vocación popular, na animación á llectura, etc.

Nada marxínaba a mirada nova: al rovés, era el eixe del autoestima, del xeito arrechao d'erguer us poblos que dende hai ben tempo apigarzaban sendo pouco máis que forza de trabayo y fonte de voto compraio, ou, d'outro xeito, malvivindo úa historia velenosa retroalimentada por complexos demoledores d'aldeanismo.

As artes escénicas que dende había anos bebían das vanguardias artísticas rompían os céelos anubraos das veyas tradicións; el teatro xuntaba con xeito as canas tradicionales pra, cua vocación dos antigos cómicos, brindar espectáculos dignos y dalgús con alta calidá artística. Como é ben sabido, eso orientóu a dramaturgos grandes del época, da xeneración del 27, pero tamén a outros menos conocidos, a xente entusiasta, culta, qu'estimaba lo d'ellos y querían poñello nun mundo máis guapo y, al tempo, máis xusto. Xosé Miguel Suárez recupera us nomes: sobre todo, Paco Marinero, Manuel Marinero, Vicente Loriente... xa entrañables pra nosoutros, que s'amecen á llista da xente imprescindible que guarda a conciencia activa.

Hai muito neste llibro pr'aprender sobre úa realidá histórica que foi interesante y dinámica, que soupo defender lo propio, a súa fala, que nello taba condo chegóu el acabóuse del medo, pero amáis sabe esplicarnos os efectos da destrucción del recordo. Esto si que pinta d'úa actualidá *apabullante*: ¡quédannos

recordos de cómo fomos mouros, ou mueres adúlteras, ou de cómo gays ou lesbianas, ou de cómo, quizabes, aínda agora, aldeanos?

Guapa llección d'história, de fala, de llingua, de teatro, de vida propia y digna, eí mesmo representada na Biblioteca Popular Circulante de Castripol.

Pasaron moitos anos nel olvido, de teatro folklorizante pero adomao pola falta d'ambicións... Despois, pouco a pouco, dalgúas luces, dalgúas palabras propias, como éstas del libro, como estos rexistros tan documentados da vida normal d'un pobo, que tuvo, que ten, úa voz qu'apurir á voz compañeira da cultura del mundo.

Gracias a Xosé Miguel Suárez podemos hoi ller, polo menos, un conxunto de textos dramáticos d'aquel *Teatro Aldeano* que dan xeito y actualidá al estudio previo. Úa edición cuidada, anotada, que permite al lector actual ter idea cabal d'aquel momento fugaz da historia pero que taría chamao a perdurar.

Ún, al ller *Os chirlosmirlos*, *Xan da Xata*, *Xan Cabrito*, etc., rise, pensa, sinte pena; algo ye diz qu'as palabras sabias del Nubleiro nunca se tían qu'esqueicer. Acaso teríamos qu'escribillas, en llettras grandes, nas llinguas d'Asturias ou llevallas grabadas pra sempre na memoria que nos move: «...Y todo te lo hubiera perdonado a no provocar tú mismo tu ruina ahuyentando de ti a los niños, a la juventud, a la creación. Te molestaron sus inocentes canciones, su música ingenua. Pues bien; lograste lo que quisiste, la frescura del renuevo se alejó de tus tierras agostadas; mientras en las del alrededor renacían los tiernos tallos de las plantas, en las tuyas sin gota todo se volvió rápidamente como tú, viejo, y nada nuevo nació...» (*Xan Cabrito*, 5.º cuadro).

Esta herencia nos deixa el Nubleiro, amáis da inxenua sabiduría xugando al escondite tres da máscara que fía llibres a os nenos d'aquel Castripol dos anos treinta, como hoi lo fai con nosoutros sobre este escenario de papel.

XOSÉ BOLADO



Anónimo, *El Campo Grande*, Tapia, h. 1930.



Anónimo, *A Ribeira*, Tapia, h. 1930.



MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO:
Trenta razóns pra nun medrar.
TRABE, 2010.

As enrugadas do tempo

Hasta fai ben pouco tempo, case todos os poetas novos tiraban pol camión del que deu en chamarse *poesía da experiencia*. Poesía de dixestión duada, onde el sentimento quedaba reducido a unha construción ideolóxica con pouco ou miga que ver con esa cualidá trascendente del home de carne y óso, con ese «fougo que dá vida ás coradas»; poesía con cheirume a postmodernismo que nos levaba por bares, coches de punto, habitacións avesías y solitarias; en fin, una poesía que máis s'asomeñaba a prosa xebrada qu'a auténtico poema. Pro nos últimos anos, frente a ela, érguese outro tipo de poesía, qu'algunos alcuñaron *da diferenza*, porque os poetas nun se repiten como se fosen clones senón que parten da experiencia propia sin renunciar al sou sentir personal, como personal é tamén a expresión que, anque coyida da fala cotidiana, bota mao dos recursos estéticos, con una clara inclinación pol símbolo; d'ei que se fale de neosimbolismo. É neste último tipo nel que se pode engarzar el poemario primeiro de Miguel R. Monteavaro.

Deuye el autor a este libro el título de *Trenta razóns pra nun medrar*, composto de treinta poemas. Parece indicar que cada poema vén ser unha das razóns del título. D'unha lectura así un pouco por riba nun degola de boas a primeiras esa sensación d'unidá de sentido. Según se recoye nel número 1 de *Trabatel*, onde se publican cuatro poemas que figuran neste poemario, el título del libro primeiro entoncias inédito iba ser *Condo s'esqueice el llume da palabra*; quizáis como veremos despóis nun ta tan lonxe da interpre-

tación que se pode facer d'estas *Trenta razóns*. Pro despois d'unha relectura atenta xa se percata ún da razón de ser del título. Y é que Monteavaro dá as razóns outiando dende el sou presente tanto hacia el pasado como hacia el futuro y non solo como home d'a pé senón tamén como creador literario.

Atopamos un bon feixe de poemas que nos amosan el acordanza señardosa d'un mundo «sin esmolementos», de «días agayosos y mañás brancas», de «días primaverales da infancia epicéntrica». Unha infancia «qu'asina como se foi el xurdir nos corpos, botouse en falta nos oyo». Y anque nos prestaría «qu'el tempo atarrecese seguir» y puidésemos «escorrer, un pouco máis llonxe, el futuro», esa etapa nun dura case miga y vamos cayendo na frialdá y na monotonía, nos días escuros del inverno, y botamos en falta á xente máis querida, al ermao col que xogábamos de nenos, col qu'atroulábamos polos caleyois, a esa outra persona que nos faga compañía y nos siga hasta el curume dos nosos soños. El nun atopar de quen botar mao provoca nel poeta un largo lanxir («Solombras», «Lladra») y súmelo na soledá y nel silencio («D'asouria», «D'al pé del mar», «Diálogos col aire»). Nel poema «Deixéi de ser lluz» parece chegar al fondo da súa desesperanza: «Deixéi de ser lluz pra convertirme / en terra erma y enxuita / na veira d'un camín qu'amenaza con zarrarse», versos que falan del unzal d'unha vida y nos renembran al Bécquer da rima LXVI ou al Cernuda de «Donde habite el olvido» («Donde yo sólo sea / memoria de una piedra sepultada entre ortigas / Sobre la cual el viento escapa a sus insomnios»). Neste estado, el agayo pra mirar pral futuro é máis ben froxo, como dice nel poema «Deixéi de ser lluz»: «[...] nun teño valor pra cambiar de vida, / nin pra mercar, col meu rixo, / úa lleira nel futuro». Ben sei qu'a miyor visión de toda unha vida ta resumida nel poema «Bolo»: «Pérdese el agayo de ver el futuro / condo se tán trabayando fornadas de presente / que nun son máis qu'as andanzas del pasao /... fendo eco del vivido». Pro neste viaxe tamén hai

sito prá esperanza, porque pode que pasemos muito tempo pensando en nosoutros mesmos sin perguntar pola xente que nos arrodiá, nos quer y trabaya por nosoutros («Egocentrismo»), porque nos esmolemos solo polas cousas grandes y nun atendemos a lo pequeno, porque non únicamente se pode vivir amecido al tempo («Llarecos»), porque mentres «a xelada nun chegue» y «nun afogue» hai que defender lo noso («Mentrementes»), hai que deixar entrar a música nos corazóis («Son») y ¡quén sabe! «quizabes nel mundo seamos foyas del mes de noviembre...» y nos conviden al «reencontro cua casa da nosa moxedá» («Séñamos foyas de novembre»).

Como apuntéi máis arriba, tamén na creación literaria guerrían estos estados qu'el poeta emparenta col binomio mañá-luz y noite-escuridá: «Núa tela branca / dibuxéi flores verdes y marellas / [...] vanse escurecendo / [...] Nun ta a noite / pra seguir pintando alegrías y ameicerés» («Flores nun pincel»). Penso, y cito este último pra nun cansar, qu'unde miyor traza a súa propia creación poética é nel poema «Infinito». Poesía a súa que vén a ser «variación del infinito / nun llenzo branco» que pouco a pouco vai enchendo con «linias curvas y clarescuros», pra entriyare «algún esmolemento» y trabayar col carboncillo «recordos mal cravuñaos», lambendo «el zume da vida».

Zárrase el poemario con «Nacencia», un poema que ben podía tar nel empezo, se atendemos al título, como ta nel acabo pol sentido da última estrofa: «Despois de todo / resúmeme a mía terra / Y nus poucos versos / pretendo dibuxar / [...] el ameicer na mía casa».

Pra dibuxar todo el sou sentir conxuga Monteavaro a expresión direuta —da que podemos poñer como exemplo el primeiro poema— con outra figurada ou indireuta, na que sobrosale el uso dos símbolos que coye del mundo natural. Son constantes as referencias ás estacións del ano, como símbolos das distintas etapas da vida; a os días agayosos y cardoxos, ás

mañás brancas y noites escuras, a os ameiceres y as tardiquías, que nos renembran distintos momentos vividos; a os camíos y carreiros, qu'espeyan a vida. Y asína poderíamos seguir citando a os castañeiros, os carbayos, as llorigas, as fayuquías, as llanzolas, as flores... El poeta vese a sí mesmo nese mundo como terra erma, enxuíta, que ye ten medo á xelada que trai os esmolementos, que s'atopa solo ante a grandiosidá d'ese mar que nun é outra cousa qu'a propia vida.

Pro nun se queda nel símbolo: as metáforas y as comparacióis atópanse por undequera y a cada cual máis espresiva. Por citar dúas ou tres que me chamaron el atención: «emborcar a conca col unzón da vida» («D'asouria»), «[a xelada] s'embolorta / entre as cazuyas del corpo» («Mentrementes»), «[el vento] col sou ulir a farrapos de silencio» («D'al pé del mar»), «os regueiros cardoxos da soledá y da fruxe / son como cartas sin resposta»...

Como metro escoye el versolibrismo. Pro os sous poemas tán mui lonxe da prosa xebrada da que falaba eu nel empezo, pos sabe amecerye un sentido neto del ritmo, que consigue non sólo con construccióis paralelísticas («escorisca a lluz nel deboyo / [...] Evapórase el clarén nel regueiro»; por nun citar el poema «Cuadrados, círculos nel arena», todo él montado

sobre este tipo de construcción) senón tamén col ritmo d'intensidá acentual ou col ritmo cuantitativo d'unhos versos que saben atotar ben el motivo: verso largo pral poema reflexivo («Mentrementes», «Enxamáis»), verso corto pral poema máis gayoleiro («Xogos», «Ermao»). Nun falta el puro xogo poético qu'atopamos en «Chove», poema que, se quitamos os tres últimos versos, ta feito a base solo de verbos (24). Este poema foi tamén ún dos que se publicaron en *Trabatel*, pro se comparamos ún col outro vemos que se cambearon nove verbos. Cambeos que descubrimos noutros dous poemas d'aquelos y que nos dan idea del labor de correución y depuración que s'impón a sí mesmo M. Monteavaro. Poderíamos xoncer aquí el que dice a solapa del libro sobre a esactitú y el procuro lingüístico que se nota sobre todo nel uso d'un vocabulario enreizado nel más fondo del noso patrimonio.

En fin, despós de ler este poemario y sin esquecer qu'é el primeiro, penso que tamos ante un mui bon poeta. Poeta qu'hemos amecer a outros xa máis conocidos —por levaren tamén máis tempo neste labor— que ye tán dando á nosa fala ese abalón que fai d'ela un medio tan válido y espresivo como outro cualquiera.

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR

Anónimo, *Praza da Veiga*, h. 1910.



Pascual Rey, *Paseo y alameda*, A Veiga, h. 1905.



FRANCISCO PIMIANGO: *Bruxas ruías, búas bruxas*.
TRADUCCIÓN DE XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ.
ÁMBITU, 2010.

Parábola da vida mesma

Caime este librín nas maos, sin buscalo y, anque yo diga a todos, entróume pol oyo. Nun foi sólo úa sorte d'empatía entre el autor y eu mesma como lectora, non; foi úa restra de razóns que me foron embitiyando y que nun teño máis remedio que tresmitirvos pra compartir.

Pra empezar ten el encanto das cousas pequenas, que nun sei por qué sempre m'enseñaron a valorar; ten úas ilustracións que, como pouco, impresionan, trespasan el papel y vólvense reais, inquietantes algúas y tenras outras. Os personaxes, por fin, tein a tenrura da bruxa guapa da canción de Goytisolo, nun mundo al rovés.

Pra Francisco Pimiango, el autor de texto y ilustracións, este contín xurde cua intención de ter un material literario sobre el qu'ilustrar, concebido como un proxecto acabao nel que podese tresmitir con facilidade a súa maneira de narrar en imáxenes. Das imáxenes xurdíu a hestoria núa dirección na que nun tamos acostumaos a trabayar y é qu'el autor quer reivindicar el papel del ilustrador, non sólo como parte importante del texto, como «escaparatista del texto d'outra persona», como dice él mesmo, senón como co-autor da obra literaria.

Y como, ás veces, úa imaxe vale máis que mil palabras, baste este conto pra ilustrar a tesis, nunca meyor dito; el testo brota da imaxe, esplicita aquilo qu'a propia imaxe nos tresmite, a inquietú del autor, profesor de Filosofía, de que cada ún de nosoutros ten que definir a súa propia vida, sin ceder ás linias que se nos marcan dende ben pequenos.

É chocante que nel último librín que reseñei, *Domingo y os animais*, da mao da ilustradora y amiga mía, Lulas Somoza, saltéi dentro da imaxe del conto y fomos, como Mary Poppins, d'escena en escena, de páxina en páxina acompañando a Domingo nas súas aventuras, y agora tócame outro conto nel qu'a ilustración cobra un papel protagonista, como na maioría dos libros de literatura infantil, penso eu.

A nosa hestoria empeza col son d'úa voz autoritaria feminina qu'obriga a abandonar el calentín das sabas y dos soños y enfrentarse col deber diario. ¿Quén de nosoutros nun recorda esta escena tan repetida y non por eso menos odiada dos nosos recordos de neno? Podería ser a escena da infancia de cuase cualquera de nosoutros, de forma qu'empezamos a concebir a hestoria como el d'úa familia *normal*, se é que podemos considerar normal úa formada por tres ermás bruxas, as dúas pequenas xemelgas —Tela y Tula— y a mater familias, Tila, personaxe que tira das ermás hacia *el que deben ser*: úas bruxas, bruxas, al xeito da Tula unamuniana que cuida celosamente da prole d'outro como se fose a súa propia. Este xogo de variantes nominales: Tula, Tela, Tila nun me parece coincidencia nun filósofo metido a ilustrador, anque pode que se ye escapase del inconsciente.

Pra nun destriparvos el conto, sólo vos adelantaréi qu'as cousas nun yes salen sempre como esperaban: dos sous sombreiros salen sin parar, nun fluír sin control, ratíos, flores y toda sorte de bichíos


que nun son senón *malos bus*, augurios del propio ser que las frena na carreira d'intentar conseguir lo imposible: ser lo que nun tán chamadas a ser. Nada del que yes pasa é casual, nin os fracasos, nin a vida que yes nace de si mesmas y yes escapa polos puchos, nin a tenrura que nos tresmiten sin querelo. Sólo condo se reconcilien con elas mesmas poderán realizarse como lo que son: úas bruxas búas, anque bruxas, por qué non.

Este conto píntame un relato fresco y tenro pral lector adulto, que pode evocar a personaxes d'outros tantos contos, unhos máis clásicos y outros menos como os de Tim Burton. Gracioso y *natural* pral pequeno que s'asome a estas páxinas porque a os novos lectores xa nun yes choca qu'as bruxas podan elixir el sou destino: medraron con úa bruxa guapa, con outra graciosa que yes enseñóu el hora nun libro, col Pirata Metepata al que ye salen todas as maldades al rové y, cómo non, col príncipe tirano que cualquera derrocaría sin falta de ter a lucidez d'un rapacín.

A traducción cua palabra precisa nel sito al xeito, cua naturalidá del que domina a lingua con úa aparente facilidá que cuase ofende, púxola Xosé Miguel Suárez; a edición, Ámbitu. El vagar y el disfrute poñerálo cualquera lector que s'aveire a esta parábola da vida mesma sin olvidar que nesta hestoria, como noutras muitas, a que manda é a ilustración.

MÓNICA LOZA LÓPEZ

Anónimo, *Primeiro treito da caye Manuel Llaneza, A Veiga, h. 1930.*



Anónimo, *Feria na praza de Piantón, A Veiga, h. 1920.*



Hermógenes Infanzón, *Vista xeneral*, Bual, h. 1910.



Joaquín García Cuesta, *Castropol dende a praya das Figueiras*, h. 1930.





EXEMPLAR DE BALDRE

GOBIERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

CONSEYERÍA DE CULTURA Y TURISMO